Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia,** sobre o baleirado de encoros e competencias hidráulicas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento sobre o baleirado de encoros e as competencias hidráulicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados meses de xuño, xullo e agosto produciuse un escandaloso baleirado de encoros na bacía hidrográfica Miño-Sil, de competencia estatal. Foron promovidos polas empresas Naturgy e Iberdrola con intención de aproveitar o contexto de suba abusiva do prezo da luz para obter beneficios millonarios. Cómpre ter en conta que na última década das empresas obtiveron ingresos de máis de 4.000 millóns de euros da explotación dos encoros galegos.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:06:12
Nº Rexistro: 22159
Data envio: 20/09/2021 13:06:12.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta actuación especulativa, abusiva e agresiva para o medio natural levouse a cabo coa complicidade e coa pasividade tanto da Confederación Hidrográfica Miño Sil como da Xunta de Galiza, que malia coñecer as intencións das eléctricas desde comezos do mes de xuño non fixeron nada para evitar o baleirado. No caso da Xunta de Galiza, produciuse unha reacción tardía e sobreactuada, a finais de agosto, pola presión social e mediática e no medio dunha escandalosa escalada dos prezos da electricidade.

Malia contar con algunhas competencias en materia de pesca fluvial e patrimonio natural que lle permitirían actuar desde que se recibiron as primeiras comunicacións da empresa Iberdrola, o 10 de xuño e o 12 de xullo, a Xunta non tomou ningunha medida para evitar o baleirado dos encoros. Só o fixo a posteriori, cando o mal xa estaba feito, pola alarma social creada e a grande repercusión dos feitos nos medios de comunicación.

Por outra parte, dáse a circunstancia de que a maioría do PP promoveu no ano 2020 a aprobación dunha nova lei de pesca continental (a lei 2/2021), que entrou en vigor a comezos de 2021, na que se rebaixa a contía das sancións relacionadas coa "alteración de modo apreciábel do nivel das augas ou do caudal dun río, cando poidan derivar danos para as especies piscícolas". Este tipo de infraccións, que no regulamento de ordenación da pesca fluvial de 1997 fora tipificada como moi grave (con sancións máximas de 300.000 euros), pasou a ser cualificada como grave, (con sanción máxima de 25.000 euros). De todo isto derívase que ás grandes empresas eléctricas, que tiveron beneficios milmillonarios en 2020, resúltalles moi barato infrinxir a lei.

Aos feitos anteriores hai que engadir as dificultades e limitacións do actual marco competencial, xa que Galiza non ten as competencias plenas sobre todas as bacías hidrográficas do seu territorio, o que dificulta gravemente a ordenación,

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:06:12
Nº Rexistro: 22159
Data envio: 20/09/2021 13:06:12.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

planificación, xestión, control e aproveitamento dos seus recursos hidrográficos e enerxéticos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cal foi a razón da rebaixa da categoría das infraccións e sancións pola alteración do nivel das augas ou do caudal do río, introducida na lei 2/2021 de pesca continental de Galiza e que medidas prevé adoptar o goberno galego para incrementar a contía das sancións?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:06:12
Nº Rexistro: 22159
Data envio: 20/09/2021 13:06:12.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2021 12:50:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/09/2021 12:50:32

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2021 12:50:41

Rosana Pérez Fernández na data 20/09/2021 12:50:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/09/2021 12:50:58

Daniel Pérez López na data 20/09/2021 12:51:06

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2021 12:51:16

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2021 12:51:27

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:06:12
Nº Rexistro: 22159
Data envio: 20/09/2021 13:06:12.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 20/09/2021 12:51:37

María del Carmen Aira Díaz na data 20/09/2021 12:51:45

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 12:51:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2021 12:52:04

María González Albert na data 20/09/2021 12:52:16

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2021 12:52:23

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2021 12:52:30

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2021 12:52:36

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2021 12:52:44

María do Carme González Iglesias na data 20/09/2021 12:52:52

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2021 12:52:58

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:50:11
Nº Rexistro: 22173
Data envio: 20/09/2021 13:50:11.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento sobre a situación do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ven de denunciar o falecemento o pasado 16 de setembro dun doente mentres era trasladado ao hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo nunha ambulancia que non estaba adaptada para poder prestar asistencia sanitaria, ademais de contar unicamente cun condutor.

Segundo a información facilitada o doente viaxaba no interior da ambulancia acompañado por un familiar e sufriu unha indisposición, diante da cal non se lle podo

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:50:11
Nº Rexistro: 22173
Data envio: 20/09/2021 13:50:11.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizar as necesarias tarefas de atención, xa que nin se contaba co material necesario para facelas, nin espazo, nin co persoal. O vehículo é de tipo A e non está adaptado para poder prestar asistencia sanitaria e na mesma só ía un condutor.

As peticións de que é preciso reforzar o servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo veñen de lonxe. Reforzo preciso para que o 061 teña vehículos na súa propia rede, adaptados para poder prestar asistencia sanitaria en ruta e cunha dotación de dous profesionais co título de técnic@. As peticións son sistematicamente desatendidas por parte do Sergas, do 061, que na vez de reforzar con medios propios, continúa prestando servizos en precario, botando man de empresas sen realizar licitacións e sen as condicións precisas. No caso de Vigo co Colectivo Extremeño de Ambulancias (Coexam).

Segundo veñen denunciando esta empresa presta servizos para o 061 con até catro ambulancias, tres delas son de tipo A, polo que non están preparadas para prestar asistencia sanitaria, en ocasións usan de tipo B, pero cun só condutor/a, que non está permitido na normativa de transporte sanitario de Galiza. A maiores non conta con instalacións axeitadas en Vigo para realizar as labores de limpeza e desinfección e agarden os vehículos mentres non son activados para realizar os servizos.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade. Son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo. Infelizmente este non é un caso illado, chove sobre mollado, porque non estamos a falar dunha cuestión puntual, dun descoido, senón dunha práctica constante que non ten ningunha xustificación.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:50:11
Nº Rexistro: 22173
Data envio: 20/09/2021 13:50:11.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera preciso que a Xunta de Galiza dea explicacións, depure responsabilidades e rectifique, diante do fatal desenlace da morte dunha persoa nunha ambulancia, que todo indica que non cumpría a normativa do transporte sanitario que en Galiza ven regulado no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, no que se establecen as condicións técnicas requiridas aos vehículos, ambulancias, que prestan o servizo de transporte sanitario por estrada, así como a dotación de persoal precisa e a cualificación profesional requirida.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Como xustifica a contratación por parte do 061 de ambulancias para transporte urxente de doentes que non cumpren nin os requisitos técnicos, nin de dotación de persoal, nin espazo establecidos na lexislación?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:50:11
Nº Rexistro: 22173
Data envio: 20/09/2021 13:50:11.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2021 13:38:45

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/09/2021 13:38:52

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2021 13:39:01

Rosana Pérez Fernández na data 20/09/2021 13:39:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/09/2021 13:39:20

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 13:50:11
Nº Rexistro: 22173
Data envio: 20/09/2021 13:50:11.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 20/09/2021 13:39:31

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2021 13:39:39

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2021 13:39:46

Daniel Castro García na data 20/09/2021 13:39:55

María del Carmen Aira Díaz na data 20/09/2021 13:40:03

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 13:40:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2021 13:40:19

María González Albert na data 20/09/2021 13:40:26

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2021 13:40:38

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2021 13:40:48

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2021 13:40:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2021 13:41:02

María do Carme González Iglesias na data 20/09/2021 13:41:09

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2021 13:41:19

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 13:00:32
Nº Rexistro: 21390
Data envio: 10/09/2021 13:00:32.056

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Diversas entidades ecoloxistas, alertadas por veciñanza da zona, están a denunciar a repentina mortaldade masiva de gaivotas neste mes de setembro no encoro de Vilagudín, nos concellos de Ordes, Tordoia e Cerceda, unha situación que xa se producira no ano 2016.

Neste momento, segundo as testemuñas, na beira do encoro hai xa medio cento de gaivotas mortas e unhas trinta agonizantes, ás que hai que lle sumar unhas sesenta no centro do encoro que xa dan mostra de estar enfermas.

Persoal investigador universitario está xa a tomar mostras para realizar análises que diluciden as causas desta mortaldade.

Ornitólogos e persoal experto consultado polos medios de comunicación apuntan que a causa podería ser botulismo, unha intoxicación por unha bacteria que paraliza os músculos, e apunta a hipótese de que se intoxiquen por iren alimentarse no vertedoiro de Sogama.

Trátase, xa que logo, dun problema ambiental dado que a permanencia e descomposición dos cadáveres provocan unha afectación na cadea trófica do encoro de xeito que periga a colonia de gaivotas pero tamén a fauna local que se alimenta deses cadáveres.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que medidas vai tomar o Goberno galego para frear a mortaldade da comunidade de gaivotas que se está a producir no encoro de Vilagudín?

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/09/2021 12:49:18

Pablo Arangüena Fernández na data 10/09/2021 12:49:41

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2021 13:00:32
Nº Rexistro: 21390
Data envio: 10/09/2021 13:00:32.056

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Paloma Castro Rey na data 10/09/2021 12:49:56

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 11:43:12
Nº Rexistro: 21466
Data envio: 13/09/2021 11:43:12.244

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Castro de Rei conta cunha poboación de máis de 5.000 habitantes, é polo tanto un concello que debe ter servizos acordes co volume de poboación.

No ano pasado por causa da pandemia foi pechado o consultorio de Castro de Rei no que había un médico e un enfermeiro, sendo estes trasladados ao Centro de Saúde de Castro Riberas de Lea, o núcleo de poboación máis poboado do concello.

Durante os meses de verán aconteceu en numerosas ocasións o centro de saúde quedara unicamente cun médico/a por causa de estar o resto de persoal facultativo de baixa médica ou de permisos de vacacións, ou outros.

Isto supón na práctica que un só médico/a se ocupe do total da poboación do Concello, cuestión imposible, sen discusión.

É por isto, que os profesionais do centro que quedan con efectivos minguados sofren a precariedade das condicións laborais, cun estrés dificilmente asumible polas exixencias das cargas de traballo.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 11:43:12
Nº Rexistro: 21466
Data envio: 13/09/2021 11:43:12.244

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero tamén a poboación sofre as consecuencias da falta de cobertura do persoal facultativo que lle corresponde, tendo demoras de cerca de un mes para unha atención médica, é dicir, hai listas de espera de cerca de un mes para ver unha necesidade de saúde, isto, sen a seguridade de que non lle cambien a cita para máis tarde.

As usuarias/os tamén sofre a inseguridade que dá a consulta telefónica, ou non poder resolver dúbidas variadas coa axilidade necesaria nesta época COVID.

Así mesmo, a falta de cita médica fai que a non renovación de receitas deixe ás persoas que precisan medicación sen posibilidades de conseguila, "fiada", na súa farmacia porque estes profesionais non poden xustificar esta fianza, máxime de medicacións concretas que poderían ter implicacións legais no caso de dispensarse sen receita

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza poñer remedio inmediato á ausencia de persoal facultativo no centro de saúde de Castro Riberas de Lea?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 11:43:12
Nº Rexistro: 21466
Data envio: 13/09/2021 11:43:12.244

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/09/2021 11:38:36

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2021 11:38:40

Iria Carreira Pazos na data 13/09/2021 11:38:48

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:31:35
Nº Rexistro: 21499
Data envio: 13/09/2021 13:31:35.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Actualmente estase a tramitar no monte Castrove un parque eólico de 24 MW, formado por 4 aeroxeradores de 6 MW e unha subestación de transformación.

Trátase dun proxecto de industrialización do monte que se sitúa nos concellos de Poio, Pontevedra e Meis, que afecta a unha poligonal de 600 hectáreas, e que podería no futuro ampliarse a todo o espazo atinxido pola Área de Desenvolvemento Eólico do Castrove e a súa zona de influencia. Un territorio de miles de hectáreas que afecta directamente a núcleos de poboación dos concellos de Barro, Meis, Poio e Pontevedra.

Segundo consta no documento ambiental de inicio, que foi sometido a información pública, a construción do parque vai ter un forte impacto ambiental e territorial debido á necesidade de levar a cabo diferentes infraestruturas:

- Apertura e construción de 5,3 km de viais, nunha zona con fortes pendentes.
- Apertura e construción de gabias para drenaxe de augas, coa conseguinte alteración da rede hídrica (nacentes e escorrentías).
- Apertura e construción de gabias para cableado
- Explanación e compactación de zonas de montaxe dos aeroxeradores, de 620 m2 por cada un deles.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:31:35
Nº Rexistro: 21499
Data envio: 13/09/2021 13:31:35.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Creación de zona de acopio de pás, de 2.000m^2.

- Cimentación dos aeroxeradores, de 3,20 m. de profundidade e 400 m^2 de superficie.

- Construción de subestación de transformación, cunha superficie total de 4.435 m^2.

Por outra parte, debido aos movementos de terras e explanacións do terreo necesarias na fase de construción, prevese un forte impacto nos recursos hídricos da zona, fundamentais para biodiversidade e para o abastecemento da poboación. A afectación é moi importante no caso dos mananciais para o abastecemento de lugares como A Escusa, no concello de Poio.

2. Na zona do monte Castrove existen hábitats clasificados como de interese comunitario e prioritario, que se verán ameazados pola construción do parque. Tamén existen importantes xacementos arqueolóxicos, que dan mostra da ocupación do territorio desde épocas moi antigas. Aplicando o principio de precaución, deberíase levar a cabo unha ampla investigación e catalogación dos bens culturais e naturais, con carácter previo a calquera proxecto industrial como o que se pretende desenvolver. No tocante á importancia histórica e cultural deste espazo, é necesario poñer de relevo a súa relación coas viaxes e investigacións do Padre Sarmiento, que deixou referencia de valiosos achados arqueolóxicos nesta zona, moitos dos cales están sen investigar e documentar.

Tamén cómpre poñer de relevo que se trata dunha zona na que existe greas de gando, especialmente cabalar, e na que se mantén viva a tradición dos curros.

Por conseguinte, o desenvolvemento dun proxecto industrial como o previsto no parque eólico tería consecuencias negativas para un espazo de grandes posibilidades desde o punto de vista natural, cultural, social e lúdico.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:31:35
Nº Rexistro: 21499
Data envio: 13/09/2021 13:31:35.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Unha vez construído o parque é previsíbel que se constrúan ampliacións do mesmo en novas fases, tendo en conta o espazo ocupado pola Área de Desenvolvemento Eólico e a súa zona de ampliación. En canto á poligonal do parque, que ocupa case 600 hectáreas, vai supoñer fortes restricións aos usos tradicionais do territorio, pola preeminencia do uso industrial.

Na fase de funcionamento, o parque eólico terá impactos sobre a fauna e sobre a poboación circundante. Dadas as dimensións dos aeroxeradores, de máis de 200 m de altura e unha potencia unitaria de 6MW, terá un forte impacto visual na contorna, impacto sonoro e tamén lumínico, pola instalación nos aeroxeradores de luces brancas (destellantes) e vermellas (fixas) para o seu balizamento.

4. A pretensión de construír un parque eólico no monte Castrove conta con unha forte oposición na zona, como se puxo de manifesto coa presentación de centos de alegacións e co desenvolvemento de diversas mobilizacións contrarias ao proxecto. Cabe sinalar tamén os pronunciamentos contrarios das corporacións municipais de Poio e Meis.

5. O actual plan de desenvolvemento eólico de Galiza está a provocar unha forte resposta social pola cantidade, intensidade e dimensións dos parques proxectados, e polo forte impacto negativo no medio natural, no territorio, nas actividades económicas e nos usos residenciais. En lugar de atender as demandas sociais ao respecto, o goberno galego aprobou diversos cambios normativos para favorecer e facilitar a tramitación destes proxectos, pasando por riba dos intereses veciñais e dos concellos. Fronte a este plan de espolio e depredación dos recursos naturais do noso país, cómpre desenvolver un novo modelo eólico con participación pública e das persoas propietarias do chan, sustentábel, xusto, respectuoso co territorio e que deixe a riqueza en Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:31:35
Nº Rexistro: 21499
Data envio: 13/09/2021 13:31:35.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que sería necesario aplicar o principio de precaución e suspender a tramitación do parque eólico do Monte Castrove polo seu negativo impacto ambiental, patrimonial e social?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Noa Presas Bergantiños
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2021 13:26:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/09/2021 13:27:00

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2021 13:27:21

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:56:34
Nº Rexistro: 21513
Data envio: 13/09/2021 13:56:34.275

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre proxecto de vertedoiro de residuos industriais en Santa Cristina de Fecha-Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da parroquia de Santa Cristina Fecha, no concello de Santiago de Compostela, transmitiu ao grupo parlamentar do BNG a súa preocupación polos movementos que se están a producir en relación con un proxecto para a creación dun vertedoiro de residuos industriais nunhas antigas canteiras coñecidas como minas da Barquiña. Trátase de grandes minas de cuarzo que baixan cara ao Tambre e que ocupan unha grande extensión de terreo. Logo de varios anos de abandono, están cubertas de vexetación e teñen no seu interior varias pozas artificiais naturalizadas, que albergan unha grande riqueza de flora e fauna.

Toda a contorna de Santiago de Compostela, e especialmente a zona norte do concello, está no punto de mira de empresas de xestión de residuos que pretenden levar a cabo auténticos pelotazos coa reconversión de antigas canteiras abandonadas en centros de xestión de residuos (vertedoiros), principalmente para materiais de construción e demolición e para residuos orgánicos de orixe industrial, urbana e agrogandeira. Estes proxectos, como ocorre no previsto para Casalonga (Teo), camuflan o depósito e vertido destes residuos como plans de restauración ambiental de espazos degradados.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:56:34
Nº Rexistro: 21513
Data envio: 13/09/2021 13:56:34.275

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non é necesario agardar o que aconteza en Casalonga. A veciñanza da zona ten nas proximidades a desastrosa experiencia da antiga canteira de Miramontes reconvertida nun vertedoiro de residuos industriais, coas coñecidas consecuencias negativas para a calidade de vida: tránsito de camións de grande tonelaxe que non respectan as limitacións de velocidade, cheiros, contaminación de mananciais e regatos...

De levarse a cabo un proxecto semellante nas antigas canteiras da Barquiña en Santa Cristina de Fecha, as consecuencias poden ser irreversíbeis: risco de contaminación das augas do río Tambre, contaminación de acuíferos que se utilizan para o abastecemento da poboación, destrución de hábitats de interese como as citadas pozas artificiais naturalizadas, contaminación do ar, ruído e inseguridade derivadas do tránsito de camións de grande tonelaxe, etc.

O goberno galego, como institución con competencias en medio rural, en ordenación do territorio, en medio ambiente e en xestión de residuos, debe velar pola preservación das zonas rurais e naturais, poñéndoas a salvo de proxectos especulativos e que priman o máximo beneficio económico sobre os intereses da veciñanza. Por outra parte, o Plan de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) potencia a recuperación e reciclaxe dos residuos de construción e demolición como alternativa de economía circular, fronte á solución ineficiente e antiecolóxica do seu depósito en vertedoiros. E en relación con residuos industriais como lodos de depuradora, de conserveiras e similares, recomenda a súa xestión e tratamento en parques empresariais.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comparte a Xunta de Galiza a necesidade de desbotar a creación dun vertedoiro de residuos industriais nas antigas canteiras da Barquiña, parroquia de Santa Cristina de Fecha (Santiago de Compostela), ou calquera outro proxecto que camuflado como

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:56:34
Nº Rexistro: 21513
Data envio: 13/09/2021 13:56:34.275

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación de restauración ambiental, agoche a intención de utilizar este espazo como lugar de vertido de residuos de procedencia industrial?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/09/2021 13:51:46

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2021 13:51:49

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:59:05
Nº Rexistro: 21521
Data envio: 13/09/2021 13:59:05.322

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e **Marta Nóvoa Iglesias,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A pandemia provocada pola covid-19 está a condicionar a vida das persoas e a repercutir en todos os ámbitos, con especial incidencia no desenvolvemento económico.

Có obxecto de paliar, na medida do posible, os efectos adversos desta crise sanitaria, a Unión Europea habilitou un plan de recuperación e reactivación económica se precedentes.

En consecuencia, os fondos Next Generation poden supoñer unha oportunidade de transformación e modernización que Galicia ten que aproveitar para avanzar na vertebración territorial e na cohesión social.

Un obxectivo que pode non verse cumprido a tenor da disconformidade que vén manifestando a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, entre outras áreas do Goberno autonómico, con respecto aos criterios de reparto dos fondos establecidos polo Goberno central para aquelas iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible, da dixitalización do transporte e das comunicacións.

Eses criterios priman as actuacións nos grandes contornos urbanos e deixan á marxe da recuperación os municipios pequenos e rurais que conforman a meirande parte do territorio galego.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a repercusión que terán para Galicia os fondos europeos Next Generation para a reactivación económica no ámbito da mobilidade?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:59:05
Nº Rexistro: 21521
Data envio: 13/09/2021 13:59:05.322

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 13/09/2021 13:52:19

José Manuel Balseiro Orol na data 13/09/2021 13:52:34

Ramón Carballo Páez na data 13/09/2021 13:52:45

María Sol Díaz Mouteira na data 13/09/2021 13:52:58

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/09/2021 13:53:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 13:59:05
Nº Rexistro: 21521
Data envio: 13/09/2021 13:59:05.322

grupo parlamentario popular de galicia

Carmen María Pomar Tojo na data 13/09/2021 13:53:44

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/09/2021 13:53:55

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21529
Data envio: 13/09/2021 14:00:57.822

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez e **Felisa Rodríguez Carrera,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Desde o comezo da negociación para o deseño e aplicación da futura Política Agraria Común (PAC), o punto de partida sostido pola nosa Comunidade Autónoma foi común ao dos restantes territorios do norte de España.

Tal e como trasladou en varias ocasións o Conselleiro de Medio Rural, o consenso acadado entre as comunidades da Cornixa cantábrica –Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco– ten por obxecto defender, coa máxima lealdade ao Goberno de España pero con firmeza, as particularidades e demandas da España húmida, totalmente desatendidas polo modelo mediterráneo polo que se incardinaba, xa desde un principio, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).

Neste sentido, unha das cuestións prioritarias e máis novidosas dentro do deseño e da aplicación da próxima PAC 2023-2027 que se está a debater é o desenvolvemento dos chamados “ecoesquemas”, unhas achegas por medio das cales Europa quere fomentar as prácticas ambientalmente sostibles, con cuxa pretensión Galicia atópase totalmente aliñada.

Ao respecto, os agricultores, gandeiros e silvicultores galegos non só fan a custodia do territorio pola vía do cultivo e da produtividade da respectiva base territorial, senón que, ademais, loitan contra o abandono, un dos grandes retos que enfronta o rural de Galicia. En consecuencia, os ecoesquemas non deberan representar esixencias adicionais a súa actividade.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos que o modelo de execución dos ecoesquemas ha de atender a unha vía cuxa aplicabilidade aporte simplificación e eficacia, dirixido á consecución de resultados, sen causar un prexuízo aos nosos agricultores e gandeiros, que xa están a contribuír ao obxectivo de protección do medio ambiente.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21529
Data envio: 13/09/2021 14:00:57.822

grupo parlamentario popular de galicia

De feito, desde a Xunta de Galicia foi reiterada, en numerosas ocasións, a necesidade de que o MAPA atendese as súas demandas nesta materia co fin de configurar uns ecoesquemas que se adapten aos sistemas produtivos característicos de Galicia e, nomeadamente, da Cornixa cantábrica.

Por todo isto, os deputados asinantes, presentan a seguinte pregunta en Pleno:

Como se desenvolveu a negociación por parte da Consellería do Medio Rural ao respecto da aplicación dos ecoesquemas e dunha maior adaptación dos mesmos á España húmida?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21529
Data envio: 13/09/2021 14:00:57.822

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 13/09/2021 13:38:14

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2021 13:38:31

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/09/2021 13:38:46

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2021 13:38:55

José Antonio Armada Pérez na data 13/09/2021 13:39:10

Ramón Carballo Páez na data 13/09/2021 13:39:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/09/2021 13:39:39

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21543
Data envio: 13/09/2021 16:21:44.113

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Pablo Arangüena Fernández e **Paloma Castro Rey**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

No municipio de Oia existe unha grave problemática coa súa rede de saneamento desde fai máis de dez anos. O motivo é que as depuradoras desta vila seguen sen legalizarse, sen depurar correctamente, causando problemas e molestias aos seus veciños e veciñas.

O debate sobre a ilegalidade urbana das minidepuradoras de Punta Orelludas continúa despois de que se puxeran en funcionamento no ano 2010. En 2006 a Deputación de Pontevedra instalou as cinco controvertidas minidepuradoras para tratar as augas residuais deste municipio. As depuradoras están situadas nun campo a menos de 30 metros da costa e en terreos clasificados na normativa urbanística como parque acuícola.

Depuradoras que non son realmente tales, senón que son decantadoras ou dilaceradoras, que no caso de que funcionasen ben, levarían a cabo só o tratamento primario, aínda así os emisarios de todas están rotas e vértese practicamente á beira do mar carecendo de permisos administrativos, é dicir, que son ilegais, a isto hai que engadir que as parroquias de Loureza e Burgueira carecen de calquera tipo de depuración tendo unicamente fosa séptica e sen existir permisos de vertidos.

A veciñanza leva máis de dez anos soportando malos cheiros, ruído e vertidos de augas residuais xunto ás súas casas e están fartos desta situación insoportable.

E o problema non son só os cheiros. Os prexudicados/as afirman que as filtracións e vertidos de augas fecais son constantes, van directamente ao mar porque o sistema de depuración non funciona, ou a través das arquetas situadas xunto á PO-552, onde se observan os residuos orgánicos fedorentos tan pronto como se levanta a tapa.

Ós constantes cheiros e desbordamentos súmanse as consecuencias da contaminación sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros da zona. Hai anos esta

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21543
Data envío: 13/09/2021 16:21:44.113

era unha zona de polvo e congrio, agora non hai nada. Estase matando os espazos naturais da costa, ao haber vertidos, desaparece o argazo e os peixes.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamámoslle á Xunta de Galicia que tome medidas urxentes para que a rede de saneamento e a depuración das augas residuais funcione correctamente no municipio de Oia. E así, deixar de causarlles tantas molestias os veciños e veciñas de Oia e deixar de contaminar o mar para que non rematar co seu ecosistema.

Tamén lembrar as sancións da UE a España porque non existe un tratamento correcto das augas residuais en varias zonas de Galicia por falta dun sistema de saneamento axeitado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia instalar unha nova EDAR en Oia para solucionar os graves problemas na rede de saneamento e na depuración das augas residuais que existen actualmente na vila de Oia?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/09/2021 16:19:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:19:20

Patricia Otero Rodríguez na data 13/09/2021 16:19:29

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Pablo Arangüena Fernández na data 13/09/2021 16:19:39

Paloma Castro Rey na data 13/09/2021 16:19:47

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:58:56
Nº Rexistro: 21550
Data envio: 13/09/2021 16:58:56.410

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Begoña Rodríguez Rumbo e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22 establece no seu punto décimo cuarto, sobre a organización da oferta nos centros docentes (relativo ás ensinanzas de bacharelato) que:

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro.

   O alumnado de segundo curso de bacharelato que opte pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais deberá cursar a materia de Historia da Filosofía.

2. As materias troncais de opción contarán, con carácter xeral, cun mínimo de cinco alumnas e/ou alumnos para poderen ser impartidas.

3. O alumnado cursará no segundo curso un mínimo de dúas e un máximo de tres materias de entre as materias específicas de elección. Dentro deste grupo de materias os centros ofertarán obrigatoriamente a materia de Historia da Filosofía para o alumnado das modalidades de ciencias e de artes, e será de libre elección para o alumnado.

   Para os efectos desta epígrafe, o alumnado poderá cursar como materias específicas dúas materias troncais non cursadas.

   A impartición das materias específicas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnas e/ou alumnos.

   Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnas ou alumnos que, en ningún caso, será inferior a cinco. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, logo do informe da Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 10 de setembro.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:58:56
Nº Rexistro: 21550
Data envio: 13/09/2021 16:58:56.410

Co obxecto de ofertar unha preparación especializada ao alumnado, acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección das materias de opción.

4. Cando un centro docente non poida ofrecer algunha materia troncal de opción, facilitará ao alumnado que a curse noutro centro próximo, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous o permitan, ou a través das ensinanzas de persoas adultas, en calquera das súas modalidades, presencial ou a distancia. En calquera caso, contará coa autorización das persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, cando se trate de alumnado menor de idade.

Á súa vez, o Decreto 86/2015 establece que para o caso do segundo curso de bacharelato na modalidade de Ciencias o alumnado cursará dúas materias máis de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Química e na modalidade de Humanidades e ciencias sociais, dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior: Economía da Empresa, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.

Todo o exposto ata este momento sería suficiente para poñer de manifesto a incongruencia existente na normativa, que por un lado fala de establecer determinadas excepcións que pretenden garantir unha oferta suficiente no caso de centros con pouco alumnado e, por outro, limita esa posibilidade.

No caso do IES de Melide a comunidade educativa está a mobilizarse xa que o día 6 de setembro tiveron coñecemento de que o alumnado matriculado no 2º curso de bacharelato non poderá cursar as materias de Debuxo técnico II, Grego II, Física, Historia da arte, Xeoloxía e Latín por non acadar un número suficiente de alumnos. Atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións; a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda.

O verdadeiramente inverosímil do caso é que este centro conta con profesorado que podería impartir ambas materias e que, polo tanto, non suporía en ningún caso incremento de docentes e a redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.

Ademais, e pese á existencia de fondos para manter o profesorado (828.381,840 € que lle corresponden a esta Comunidade Autónoma segundo o *Real decreto 684/2021, do 3 de agosto, polo que se establecen a distribución e os aspectos necesarios para poder efectuar o libramento da dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla prevista no artigo 117 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021*), a Consellería de

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:58:56
Nº Rexistro: 21550
Data envio: 13/09/2021 16:58:56.410

Cultura, Educación e Universidade parece ter apostado por unha innecesaria redución de docentes e oferta educativa nos centros e volver á situación anterior á do curso 2002/21 o que xa de por si é grave, ou mesmo reducir aínda máis o número de docentes con respecto ao curso 2019/2020 o que é inexplicable.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Cre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que situacións como a descrita no IES de Melide poñen en evidencia que se dan situacións que afondan na desigualdade de oportunidades entre o alumnado?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:42:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2021 16:42:30

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:42:46

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:03:44
Nº Rexistro: 21556
Data envio: 13/09/2021 17:03:44.332

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

No ano 2009, e co primeiro goberno do Partido Popular do Sr. Núñez Feijóo, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ditou unha instrución o 14 de maio de 2009 na que se establecían novos criterios para o agrupamento de alumnos de educación infantil e primaria, nas que se pretendía que na educación primaria se agruparían alumnos nun único grupo sempre que o número fose igual oi inferior a quince.

Ante o rexeitamento xeral desta instrución, que modificaba o marco establecido ata ese momento, a propia Dirección Xeral modificou este criterio e chegou a un acordo que entendemos vixente neste momento, no mes de xullo de 2009, no que se establece que:

1. Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente ao mesmo ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a catorce.

2. Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a doce.

3. Poderase agrupar todo o alumnado de Educación Primaria nunha mesma unidade cando o número de alumnos sexa igual ou inferior a dez.

Dende o concello das Nogais nais e pais de alumnos do único CEIP do concello trasladouse a este grupo parlamentario que por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade se ten agrupado todo ao alumnado de educación primaria nun único grupo cun total de 13 alumnos. Esta situación resulta inasumible por canto este centro tivo no curso pasado dous grupos de educación primaria (agrupando 1º, 2º e 3º e 4º, 5º e 6º) e existen fondos para manter o profesorado (828.381,840 € que lle corresponden a esta Comunidade Autónoma segundo o *Real decreto 684/2021, do 3 de agosto, polo que se establecen a distribución e os aspectos necesarios para poder efectuar o libramento da*

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:03:44
Nº Rexistro: 21556
Data envío: 13/09/2021 17:03:44.332

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla prevista no artigo 117 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021); a Consellería de Cultura, Educación e Universidade parece ter apostado por unha innecesaria redución de docentes e oferta educativa nos centros e volver á situación anterior á do curso 2002/21 o que xa de por si é grave, ou mesmo reducir aínda máis o número de docentes con respecto ao curso 2019/2020 o que é inexplicable, afondando, ademais, na redución de servizos públicos nos ámbitos rurais.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Entende a Xunta de Galicia que de aplicar o acordo o CEIP das Nogais debería contar con dúas unidades de educación primaria e non cunha única unidade como está a suceder?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:38:19

Patricia Otero Rodríguez na data 13/09/2021 16:38:33

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:38:46

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:05:44
Nº Rexistro: 21561
Data envio: 13/09/2021 17:05:44.113

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Martín Seco García e Noa Díaz Varela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Pese aos discursos triunfalistas e de normalidade que exhibe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade cada inicio de curso, o certo é que este está a ser particularmente complexo, toda vez que se constata por toda a comunidade autónoma un retroceso na prestación de servizos públicos educativos: diminución de profesorado, quebra da igualdade posibilidades de formación en entornas rurais e, tamén, na prestación de servizos educativos complementarios, nomeadamente do comedor escolar.

Este é o caso do CEIP Canosa-Rus de Coristanco no que se están atopando con limitacións impostas de forma arbitraria para que se atendan todas as solicitudes de praza que se presentaron ao comedor escolar, sen que exista ningún motivo para deixar a ningún neno ou nena fóra deste servizo, polo que resulta incomprensible que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade non estea atendendo todas as demandas.

A Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-2022 determina para este centro 166 prazas totais e 10 vixiantes.

Pero o certo é que, nesta data, quedan sen poder acceder ao servizo de comedor escolar preto dunha vintena de alumnos e, incluso, a situación é aínda máis grave tendo en conta que parte do profesorado e dos coidadores amosaron a súa disposición a renunciar a comer alí para que se puidesen atender todas as demandas.

Entendemos que resulta inadmisible que a prestación dun servizo fundamental para a conciliación da vida familiar e laboral como é o comedor escolar dependa dun escenario tan inflexible, que o único que consigue é evidenciar que o Goberno da Xunta de Galicia carece do necesario compromiso para loitar contra o despoboamento e que nin sequera é capaz de garantir que as nenas e nenos dos municipios rurais teñan acceso a un servizo, como é o do comedor escolar, que resulta esencial.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:05:44
Nº Rexistro: 21561
Data envio: 13/09/2021 17:05:44.113

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha política coherente que existindo a posibilidade de atender todas as demandas de alumnado para o comedor escolar do CEIP Canosa-Rus de Coristanco queden alumnos sen poder acceder a esta servizo?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:24:31

Martín Seco García na data 13/09/2021 16:24:46

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:25:01

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:07:43
Nº Rexistro: 21566
Data envio: 13/09/2021 17:07:43.035

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellaría de Cultura, Educación e Universidade anunciaba este verán o inminente comezo das obras para a rehabilitación do IES de Lamas de Abade, que durarán cinco meses cun orzamento aproximado de 800.000 euros.

As obras incidirán na necesaria mellora enerxética das instalacións coa impermeabilización da fachada e a substitución da cuberta, ademais da renovación das carpinterías exteriores, das baixantes e das luminarias. Ademais, acometeranse obras de mellora da accesibilidade e outras menores como o pulido de terrazo, o cambio das tubaxes ou a instalación de novos falsos teitos.

Na presentación desas obras aos medios de comunicación, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, enmarcaba esta acción nun "novo modelo de centros escolares post-covid que baseamos na folla de ruta que é o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, coa que acadaremos espazos máis amplos e saudables, máis sustentables e mellor integrados na contorna, espazos accesibles e inclusivos e centros educativos intelixentes, deseñados para os retos tecnolóxicos de futuro, con polos creativos e adaptados para o ensino dixital e mixto".

De acordo a esta nova estratexia, que fala de espazos amplos e saudables deseñados para os retos tecnolóxicos no futuro, atopámonos co paradoxo de que as instalacións de Formación Profesional do IES Lamas de Abade -con ciclos medios e superiores das Familias de Sanidade e de Imaxe persoal e Laboratorios e talleres de FP- son pequenas, inseguras e obsoletas, mais nada se anunciou para solucionar esta situación pese ás denuncias reiteradas da dirección e o profesorado do centro.

Sorprende que o Goberno galego reivindique a Formación Profesional como opción educativa estratéxica de cara á recuperación económica logo da crise provocada pola pandemia á vez que permite que as instalacións dos seus centros permanezan nun estado precario que dificultan un ensino de verdadeira calidade pese aos esforzos do profesorado.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:07:43
Nº Rexistro: 21566
Data envío: 13/09/2021 17:07:43.035

A maiores, este verán coñeciamos o acordo do Real Padroado de Santiago de Compostela que achegará á cidade un importante orzamento para investimentos e que, entre outros, contempla novos usos para o antigo Hospital Psiquiátrico de Conxo, nomeadamente convertelo nun Polo de Formación Profesional Biosanitario.

Deste xeito, aproveitando que a Xunta de Galicia vai realizar obras de envergadura no IES Lamas de Abade e que nada novo se coñece sobre o futuro dos estudos de FP nese centro, parece oportuno reclamar que se inclúa a necesaria reforma dos laboratorios de FP e unha ampliación das instalacións para a mellora da calidade formativa e poder ofertar así novos itinerarios.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia o estado das instalacións e espazos de Formación Profesional no IES lamas de Abade de Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:21:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:21:28

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:09:48
Nº Rexistro: 21571
Data envio: 13/09/2021 17:09:48.129

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A invasión de proxectos para a instalación de novos parques eólicos, a maiores dos xa existentes, no concello de Negreira poden ocasionar un grave risco económico, demográfico, patrimonial e ambiental para o seu entorno rural no caso de ser aprobados. Esta invasión de proxectos é contrario ás liñas estratéxicas da axenda de transformación do Concello que o seu grupo de goberno está a desenvolver.

Esta é a situación actual:

1- Solicitude de tramitación do **parque eólico Banzas**, con 9 aeroxeradores nun entorno como é o Mirador do Cotro (financiado con fondos europeos no seu momento), no cal tamén se instalaría unha subestación de enerxía dende a que se evacuaría posteriormente toda esa produción, así como a dalgún parque máis, mediante unha liña de evacuación que iría ata a subestación de Lousame, (construída recentemente cunha liña de Red Eléctrica que xa atravesou no ano 2020 parte do concello de Negreira).

2- Moi preto deste, a escasos quilómetros, están tamén en tramitación por parte da mesma empresa o **parque eólico Alvite** con 12 aeroxeradores e **parque eólico Alvite II** con 6 aeroxeradores, dos cales tamén vai saír unha liña de evacuación que se unirá coa subestación do parque eólico de Banzas.

3- No límite do concello de Negreira, aínda que case na súa totalidade no concello da Baña, estase tramitando o **parque eólico Troitomil** con 5 aeroxeradores que pola súa proximidade afectaría a Negreira, ademais cando sabemos que a liña de evacuación cruzaría de novo o concello de Negreira ata a subestación do parque eólico de Banzas, pois ao seren tramitados todos pola mesma empresa, sería a alternativa á evacuación de toda a produción eléctrica destes 4 parques.

4- O **Parque Eólico da Armada**, de 9 aeroxeradores, na zona de Xallas e Porqueira, que se está realizando a través do Ministerio de Industria por ser de máis de 50 MW.

5- Agora somos coñecedores de que se reactivou a tramitación do **Parque Eólico Outes** que consta de 7 aeroxeradores, que data do 2012, e que estivo parado por unha denuncia e acaba de saír a sentenza favorable a unha das empresas, co que iría na zona alta de Mourís e Forniños en Xallas e tamén parte no concello de Outes.

6- Por último, tamén acaba de presentarse na Xunta de Galicia unha nova solicitude doutro parque, denominado **Parque Eólico da Revolta das Xestas**, con 6 aeroxeradores

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:09:48
Nº Rexistro: 21571
Data envio: 13/09/2021 17:09:48.129

na zona de Corzán, onde xa se atopa un parque instalado dende hai anos, e onde xa se notou algún dos prexuízos cos que nos podemos atopar, como a falta dunha boa sinal de TV ou mesmo da cobertura móbil. Este está sendo tramitado por outra empresa distinta ás anteriores e non sabemos aínda que servizos necesitará para a evacuación da produción.

En resumo, o Concello de Negreira ten no seu territorio un parque eólico en explotación (P. E. Corzán), 5 parques eólicos en tramitación na Xunta de Galicia (P. E Banzas, P. E. Alvite, P.E Alvite II, P. E. Troitomil, P. E. Outes), e un de nova solicitude (P. E. Revolta das Xestas), un en tramitación polo Ministerio de Industria (**Parque Eólico da Armada)**. A todo iso engadímoslle unha liña de alta tensión (LAT) 220 (Mazaricos-Lousame) de Red Eléctrica Española que cruza o concello, executada no ano 2020, e as liñas de evacuación de enerxía dos ditos parques, que poden chegar a ser 3 como mínimo.

Con todo, hai que pensar que a maiores construiranse viarios moi anchos para poder levar toda a loxística de montaxe destes aeroxeradores, a construción de subestacións eléctricas, grandes excavacións e canalizacións de tendidos, etc, co que afectarían a moitas zonas de interese paisaxístico, turístico, e do patrimonio natural e cultural, de posibles restos arqueolóxicos, que incluso non estean catalogados, pero que os veciños máis ancestros coñecen. Un desmantelamento abusivo do territorio, do rural, da súa riqueza agrícola-gandeira e do benestar das súas xentes, que loitan por sobrevivir no rural.

Tamén constatamos a falta total de transparencia dende o primeiro momento, tanto por parte das empresas promotoras como da propia Xunta de Galicia. Aínda hoxe, existen certas cuestións sen resposta, como por exemplo, como vai afectar nun futuro á veciñanza a recualificación deses terreos onde se radicarían as poligonais dos parques eólicos e prexuízos que lle poden causar ao pasar a ser zona industrial, ou tamén, por outra banda, o tema dos contratos entregados polas empresas aos veciños, pouco claros e ambiguos, etc.

Por todo isto, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Cal é a valoración do Goberno galego en relación coa multitude de parques eólicos e liñas de evacuación que teñen proxectadas no concello de Negreira?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:09:48
Nº Rexistro: 21571
Data envio: 13/09/2021 17:09:48.129

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/09/2021 16:28:56

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/09/2021 16:29:13

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:29:24

Noelia Otero Lago na data 13/09/2021 16:29:42

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21586
Data envio: 14/09/2021 09:03:13.458

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

No mes de febreiro deste ano, a Xunta de Galicia inaugurou unha nova senda, situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de **San Caetano**, na parroquia de Alba, Concello de Pontevedra, e que forma parte do camiño portugués.

A execución desta obra foi aproximadamente de **700.000 euros**, e leváronse a cabo a construción dun viario de 710 metros de lonxitude, unha pasarela metálica de 12 metros sobre o río Rons, o acondicionamento da praza en el exterior de la capela de San Caetano, e a corrección dalgunha deficiencia neste tramo.

Unha demanda que levaban facendo moito tempo os veciños e veciñas debido ao perigo deste tramo para as persoas viandantes, así como o abandono que sufría.

Pero esta intervención ten moitos puntos negros, que reflexan unha intervención de trámite por parte da Xunta de Galicia sen ter o mínimo interese polo valor histórico e patrimonial desta zona, por unha banda e por outra presenta eivas graves que é necesario corrixir.

Entre o anteriormente mencionado, é importante destacar:

1- Colocáronse unhas papeleiras de táboas de madeira, que ninguén recolle, e que non teñen bolsa polo que o lixo acaba no chan. Entendemos que deben ser retiradas xa que existen contedores de recollida municipal nesta zona, ou de non ser así debería firmarse convenio co Concello para que asuma a súa limpeza.

2.- Á altura do lugar Guxilde, cando levantouse o solo atopáronse restos da orixinaria calzada romana, nun estado de conservación excelente, e volvéronse tapar.

Nos entendemos que colocar nun pequeno tramo un solo de cristal que permita pasar por riba da calzada imaxinaria cun panel onde informe do mesmo,

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21586
Data envio: 14/09/2021 09:03:13.458

enriquecería este tramo do camiño e conectaría ao peregrino/a co noso patrimonio histórico.

3.- Nun dos sumidoiros que colocaron, esqueceron de colocar un enreixado, isto constitúe un perigo se alguén o pisa, xa que pode esnaquizar un pé ou caer.

4.-Nunha das beirarrúas habilitouse un espazo para colocar os contedores municipal, pero as dimensións do mesmo só permite colocar o verde e o de papel, quedando o de plástico fora.

5.-En relación ao asfaltado da capela de San Caetano, so levouse a cabo o do marxe dereito, quedando en unhas moi malas condicións o do lado esquerdo.

6. Ao remate da ponte do río Rons, non se colocou unha varanda de peche, co perigo de caída ao río que isto supón.

7.Existe nun dos marxes do camiño unha fonte con valor histórico, que segue a estar tapada pola maleza. Entendemos que recuperar a mesma sería moi positivo xa que forma parte da historia deste tramo e ademais poderían darlle uso os peregrinos/as .

8. Por último, creemos que é necesaria a colocación de paneis informativos, por unha banda para explicar as singularidades deste tramo do camiño e da capela de San Caetano e por outra ao final da ponte, no límite de Alba, para informar aos peregrinos/as que teñen que cruzar a calzada, xa que senón atópanse despois nunha curva moi perigosa e con gran afluencia de camións.

9. Finalizado o tramo onde levouse a cabo a actuación, en concreto, á altura da empresa AVIGAL, o camiño estreita nunha zona onde os vehículos circulan en ambas direccións, sendo moi perigoso este tramo para os peregrinos/as.

Entendemos que sería necesario facer un paso peonil retranqueando o muro da empresa, facendo un camiño peonil ata a ponte que vai sobre a vía do tren e informar do perigo deste tramo.

Durante a inauguración, a conselleira de infraestruturas indicou que esas obras eran unha mellora substancial para os veciños, para os peregrinos e para os condutores, gañando espazo para as persoas e máis seguridade viario.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto, o goberno da Xunta de Galicia, corrixir as eivas existente na nova senda, situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de **San Caetano**, na parroquia de Alba, Concello de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/09/2021 08:58:11

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/09/2021 08:58:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2021 08:58:29

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 08:58:40

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21591
Data envio: 14/09/2021 09:20:09.059

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Na pontevedresa parroquia de Alba, nun punto situado na PO-224 que conecta a estrada de Vilagarcía coa de Santiago) a altura da ponte ferroviaria de San Caetano, levan anos producíndose accidentes de vehículos pesados ao quedar entalados nesta ponte por non ter a altura suficiente.

Isto provocou que hai uns anos se instalasen medidas de control de altura e sinalización para evitar que volveran a encaixarse camións contra a estrutura desta ponte.

Pero estas medidas non resultaron suficientes porque os accidentes seguen a producirse, o último o pasado 21 de setembro, quedando encaixado un camión no gálibo, ante la ausencia de sistemas de alerta axeitados que indicasen la restrición de altura.

O goberno da Xunta ten que buscar outra solución a este problema porque o sistema implantado non está a funcionar. Ademais as láminas metálicas que se colocaron para este fin desapareceron.

Por outra banda, co fin de mellorar o tráfico e a seguridade dos peóns, xa que é unha estrada moi transitada polos veciños/as desta parroquia, e tamén un tramo por onde transcorre o camiño portugués, o goberno da Xunta ten que actuar nesta zona colocando unha rotonda na N-550 que facilite a conexión cara a variante e permita un cambio de sentido nesta estrada, algo moi demandado pola veciñanza colocando a maiores un paso de peóns que permita cruzar a estrada autonómica con seguridade.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ante os continuos accidentes de vehículos pesados na ponte ferroviaria de San Caetano na parroquia pontevedresa de Alba, ten previsto o goberno da Xunta implantar novos e máis eficientes sistemas de aviso?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/09/2021 09:17:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2021 09:18:02

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 09:18:13

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:22:32
Nº Rexistro: 21617
Data envio: 14/09/2021 10:22:32.056

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A Ribeira Sacra rexistrou o maior incendio no que vai de 2021 en Galicia, este lume forestal iniciábase o pasado 6 de setembro sobre as 21:42 horas, segundo informaba a propia Consellería do Medio Rural, na parroquia de Nogueira no municipio de Ribas de Sil, un dos ecosistemas de maior valor etnográfico no conxunto da Comunidade Autónoma Galega, a Ribeira Sacra, e en boa medida dentro do xeoparque Montañas do Courel, afectando a máis de 1500 hectáreas deste concello e nos veciños da Pobra de Brollón e Quiroga.

Este espazo natural conta cunha rede hidrográfica densa, ecosistemas en bo estado de especies de fauna e flora de excepcional interese para a conservación da natureza e a biodiversidade. E con un importante patrimonio natural e cultural.

Despois de realizados os traballos de extinción, a Xunta de Galicia debe actuar con présa para evitar a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais e traídas de auga. Urxe a actuación da administración para comezar a restauración dos montes calcinados e axudar ás poboacións afectadas polo lume.

Urxe comezar antes da chegada de temporais que acentúen os arrastres e acrecenten o desastre medioambiental que xa ten o parque, recordar que a Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia di no artigo 49:

"Mantemento e restauración dos terreos incendiados.

1. Anualmente, unha vez finalizada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

   Así mesmo promoverá a adopción de medidas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios forestais para levar a cabo nas zonas de

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:22:32
Nº Rexistro: 21617
Data envio: 14/09/2021 10:22:32.056

actuación prioritaria e que serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes na respectiva materia sectorial. Estas medidas urxentes poderán consistir en actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do chan e en medidas destinadas á rexeneración dos terreos, establecendo limitacións ou prohibicións de aquelas actividades que sexan incompatibles coa rexeneración da cuberta vexetal.

2. Este mapa de riscos elaborarase por unha comisión de carácter interdepartamental, na que estarán representadas as diferentes consellerías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais. A súa creación, composición e réxime xurídico determinarase regulamentariamente.
3. O Consello da Xunta de Galicia poderá declarar de utilidade pública as ocupacións de infraestruturas ou bens privados que sexan necesarios para a execución das obras de restauración e rexeneración dos terreos queimados, así como para a realización de calquera actuación destinada á protección hidrolóxica aos efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa.”

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as actuacións que ten previsto levar a Xunta de Galicia para evitar a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais, despois dos lumes de setembro na ZEC (zona de especial conservación) Ancares Caurel da Ribeira Sacra en Ribas de Sil, Pobra de Brollón e Quiroga?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/09/2021 09:52:41

Martín Seco García na data 14/09/2021 09:53:12

Marina Ortega Otero na data 14/09/2021 09:55:11

Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/09/2021 09:55:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2021 09:55:45

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 09:55:55

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:52:25
Nº Rexistro: 21622
Data envio: 14/09/2021 10:52:25.591

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observamos case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, se usa para a actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos de Galicia, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e /ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos de Galicia esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención debida de Portos de Galicia, nin do investimento necesarios, polo que terminan por se deterioraren e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:52:25
Nº Rexistro: 21622
Data envio: 14/09/2021 10:52:25.591

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

O Parlamento de Galicia debateu, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Parlamentario Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara galega, a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e saíu aprobada a iniciativa por unanimidade. Portos de Galicia debe posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal.

O concello de Burela dispón de varios parques e espazos ao aire libre pero ningún deles está expresamente destinado ao ocio da xuventude, quedando sempre relegados a unha pequena zona pouco funcional e que non satisfai as súas inquedanzas e necesidades. Formúlase a proposta de dedicarlles un espazo en exclusiva, que poidan sentir como propio, pensado para cubrir diferentes aspectos propios da idade, nun espazo seguro e facilmente accesible que se poida desfrutar por diferentes idades da xuventude segundo os seus gustos, afeccións ou preferencias.

Un espazo que reúne as ditas condicións é a parcela fronte ao número 7 da travesía do Porto, integrada dentro do espazo portuario. A parcela atópase nun extremo, polo que sería facilmente prescindible para o sistema xeral portuario e sería moi necesario que se recuperase para os sistemas locais de espazos libres. É unha parcela de aproximadamente 1.900 m. cadrados, rectangular e sensiblemente horizontal.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Por que Portos de Galicia se nega a reverter a titularidade da parcela número 7 da Travesía do Porto (Burela) a dominio municipal?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 10:48:47

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:52:25
Nº Rexistro: 21622
Data envio: 14/09/2021 10:52:25.591

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2021 10:49:05

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:08:22
Nº Rexistro: 21629
Data envio: 14/09/2021 11:08:22.011

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

No anterior período de sesións aprobouse no Pleno unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que reclamabamos un Plan galego de saúde mental, no que se contemplaban, entre outras medidas, a asunción por parte do goberno da Xunta das Unidades de Atención á Drogodependencia que quedaban dependentes dos concellos.

Cumprindo así o previsto na Lei xeral de sanidade, que establece que son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades.

A maiores disto, aprobouse en comisión unha proposición non de lei presentada tamén a iniciativa do Grupo Socialista, que incidía nesta necesidade de asunción desta competencia por parte do Sergas, centrándose na unidade do Concello de Pontevedra, sendo esta tamén aprobada por unanimidade.

Xa transcorreron varios meses, aínda non se produciu a transferencia de competencias, e a situación no Concello de Pontevedra é moi preocupante.

Neste momento a Unidade que xestiona, está integrada por oito profesionais (dous psiquiatras, dous psicólogos, un enfermeiro, dous auxiliares de clínica e unha traballadora social).

No mes de setembro producirase a xubilación dun dos psiquiatras e no mes de Febreiro do outro psiquiatra e dun psicólogo, quedando a unidade ser persoal para atender aos usuarios/as.

Dada esta situación, e tendo en conta que estamos a falar de persoal do Sergas, creemos que é urxente que a Xunta asuma estas competencias de forma progresiva empezando pola contratación do novo persoal derivado das baixas por xubilación.

Nós os socialistas, apostamos por unha integración, que se realice de maneira secuencial, comezando pola integración funcional para, no medio prazo, iniciar a

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:08:22
Nº Rexistro: 21629
Data envío: 14/09/2021 11:08:22.011

integración orgánica, mediante a contratación pola Administración autonómica do persoal da rede de drogodependencias, que teña que contratarse para cubrir as xubilacións, ata a asunción total.

Sen que esta integración afecte, aos programas de prevención e de incorporación social que continuarían xestionados pola unidade administrativa responsable do Plan autonómico sobre drogas.

E entendemos que debe levarse a cabo de forma urxente para evitar que as baixas afecten á prestación dun servizo tan necesario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Tralo acordo parlamentario, cando ten previsto o goberno da Xunta asumir as competencias das Unidade de Atención á drogodependencia de carácter municipal?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/09/2021 09:33:03

Marina Ortega Otero na data 14/09/2021 09:33:10

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2021 09:33:19

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:11:44
Nº Rexistro: 21633
Data envio: 14/09/2021 11:11:44.819

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Noela Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Xa hai case un ano que todos os concellos da Mancomunidade de Ordes gobernados parte polo PSdeG-PSOE e parte polo PPdeG comprometéronse de maneira conxunta a rexeitar os proxectos de parques eólicos previstos dentro da súa comarca, todo iso despois de que a plataforma Salvemos a Comarca de Ordes se reuniuse cos seus alcaldes para abordar a preocupación veciñal derivada da inminente saída a exposición pública de varios parques eólicos e novas liñas de alta tensión.

Os motivos esenciais da dita preocupación son que os parques eólicos e as liñas de alta tensión que atravesarían a comarca poñerían en perigo os intereses económico-sociais dunha zona rural considerada pola propia Xunta de Galicia como de especial interese agrario. Esta comarca é unha zona gandeira e agrícola que está a derivar a súa produtividade a un modelo de produción ecolóxica, unha aposta da que dependen moitos postos de traballo e riqueza da comarca e pola que se aposta dende a Unión Europea coa nova Política Agraria Común, a instalación deste gran número de grandes muíños eólicos e liñas de alta tensión podería afectar gravemente a este espazo agroecolóxico, xa que as pas dos muíños soltan partículas, os motores soltan aceite e as liñas eléctricas de evacuación crean campos electromagnéticos que afectarán aos sistemas de funcionamento das granxas á súa cobertura telefónica e dixital, ademais podería verse afectado o benestar do gando polo ruído e outros efectos das ditas instalacións eléctricas, agora que se está a avanzar nun correcto benestar animal.

O tipo de aeroxeradores que se quere instalar son enormes infraestruturas de 200 metros de altura que deixarían as explotacións e terras de pasto para o gando a unha distancia moi reducida segundo un Plan eólico de Galicia completamente anticuado e non adaptado ás infraestruturas actuais, ademais de deixar afectadas grandes superficies poligonais dos parques que reducirían o valor das terras significativamente.

Hai que ter en conta tamén a afectación do espazo protexido LIC río Tambre, ademais dos espazos de Rede Natura, áreas naturais de interese local de acordo co disposto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, parte

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:11:44
Nº Rexistro: 21633
Data envío: 14/09/2021 11:11:44.819

do espazo sitúase dentro da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e tamén estaría afectado o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Inglés).

Esta comarca está sometida a procesos de concentración parcelaria que afectan a unha alta porcentaxe dos seus terreos. No caso de Frades, Mesía e Oroso aproxímase ao 100 % e en Ordes supera o 80 %, polo que non sería de recibo ter apostado e investido tanto dende o público pola concentración parcelaria e posta en valor de terras agrogandeiras, para logo convertelas nun polígono industrial.

Un exemplo coñecido para todos é o da Casa Grande Xanceda en Mesía, unha forte aposta por un modelo de éxito para a nosa comunidade no desenvolvemento de produtos lácteos de alto valor ecolóxico, unha empresa que ten máis de 70.000 seguidores nas súas redes sociais e recibe máis de 5.000 visitas anuais ás súas instalacións, con 50 empregos estables na súa maior porcentaxe femininos, estamos a falar do maior produtor ecolóxico de Galicia, unha granxa de gando en extensivo que quedaría aos pés do parque eólico Gasalla e cunha subestación preto das súas instalacións.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Cal é a opinión da Consellería do Medio Rural sobre a instalación de novos proxectos de parque eólicos en terras declaradas de especial interese agrario, concentracións parcelarias e solo rústico de especial protección agropecuaria?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/09/2021 16:46:02

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2021 16:46:18

Noelia Otero Lago na data 13/09/2021 16:46:30

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:58:46
Nº Rexistro: 21641
Data envio: 14/09/2021 11:58:46.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As Brañas do Deo son un conxunto de humidais (principalmente breixeiras e turbeiras) situados na conca do Deo (afluente do Mandeo). Constitúen un espazo de grande valor ambiental, social e paisaxístico que se distribúe ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis.

As brañas do río Deo conforman, segundo diferentes estudos e informes, un dos sistemas higroturbófilos máis senlleiros de Galiza, situados nunha ampla penichaira na que se desenvolve un extenso mosaico de ecosistemas turbófilos (7110*, 7140, 7150), matogueiras húmidas (4020*), breixeiras secas (4030) con zonas de afloramentos rochosos (8230), que conforman un complexo de hábitats de elevado interese ambiental, ocupados por diversas especies ameazadas como a Rana temporaria e Sphagnum pylaesii. Os citados sistemas de turbeiras tamén se atopan en contacto con bosques húmidos de amieiros e freixos considerados prioritarios (91EO*), así como herbais higrófilos (6410, 6430, 6510).

Asemade, a rede fluvial formada polos ríos Deo e Mandeo conforma un corredor ecolóxico con representación do hábitat prioritario Bosques aluviais de amieiros e freixos (Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 91EO*), e ten un alto interese para a conservación de dúas especies en perigo de extinción, o curso do Deo no linde entre Aranga e Curtis para o fento acuático e o curso do Mandeo desde Montouto para o

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:58:46
Nº Rexistro: 21641
Data envio: 14/09/2021 11:58:46.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mexillón de río. Por este motivo foron incluídos no Plan hidrolóxico de Galicia Costa como "treitos de interese de especies ameazadas".

2. No ano 2008 primeiro e logo no 2011, a Xunta de Galiza promoveu senllas propostas de inclusión das Brañas do Deo na Rede Natura, co obxecto de protexer baixo esta figura aproximadamente 3.400 hectáreas nas que existen as citadas especies e hábitats prioritarios, consonte o artigo 1 da Directiva Hábitat da UE.

Conforme as citadas propostas de inclusión na Rede Natura, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Aranga, aprobado definitivamente en 2013, clasificou como solo rústico de protección de espazos naturais diversos ámbitos que suman 1.328 hectáreas nas zonas de Vilarraso, Fervenzas e Aranga.

3. A falta de instrumentos de protección de maior rango ou o desleixo das administracións municipal e autonómica, permitiu ao longo dos últimos anos importantes alteracións e procesos de degradación fundamentalmente debidos a rozas mecánicas e plantacións forestais. Os propios informes da administración autonómica advertían en 2016 sobre "A actividade forestal, fundamentalmente a plantación de eucaliptos, provocou unha forte degradación e regresión de boa parte dos hábitats de interese, nomeadamente a causa da realización de intensas rozas mecanizadas e plantacións forestais acompañadas nalgúns casos da drenaxe dos terreos". E o estudo sobre Conservación e xestión de humidais elaborado polo IBADER en 2017 tamén advertía sobre a destrución destes hábitats facendo referencia ás consecuencias da intensificación agroforestal en paraxes como San Lourenzo de Vilarraso.

A este respecto, dáse o paradoxo de que no ano 2018 a Xunta promoveu a elaboración da Estratexia da Infraestrutura Verde da área da Coruña, documento no que se advertía de novo dos procesos de degradación das Brañas do Deo e se propoñía a protección deste espazo.

4. Actualmente, unha grande parte dos hábitats de interese comunitario e prioritario das Brañas do Deo vense ameazados por grandes proxectos de

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:58:46
Nº Rexistro: 21641
Data envio: 14/09/2021 11:58:46.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industrialización, coa tramitación de megaproxectos enerxéticos (macroparques eólicos) e de plantacións forestais de eucalipto. Estamos diante dun intento de acometer un auténtico atentado ambiental, un ecocidio, debido á importancia estratéxica dos humidais do Deo para a preservación da diversidade biolóxica (pola existencia de hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, así como de especies en perigo de extinción), para a prevención do cambio climático (pola función determinante que cumpren as brañas na captura de CO2), e para a regulación do ciclo hidrolóxico e a prevención de asolagamentos. Existen neste sentido estudos que alertan dun acurtamento dos ciclos de asolagamentos na conca do Mandeo debido á degradación e regresión dos ecosistemas higroturbófilos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta paralizou a inclusión das Brañas do Deo na Rede Natura e permitiu a destrución e degradación de ecosistemas esenciais para a diversidade biolóxica, para a prevención do cambio climático e para a regulación do ciclo hidrolóxico?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 11:58:46
Nº Rexistro: 21641
Data envio: 14/09/2021 11:58:46.084

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2021 11:56:20

Mercedes Queixas Zas na data 14/09/2021 11:56:28

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 12:37:53
Nº Rexistro: 21650
Data envio: 14/09/2021 12:37:53.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á redución de liñas e profesionais no E.E.I. Nosa Señora do Carme no Concello de Marín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade do ensino público é un bo medidor da boa saúde dunha sociedade, tanto a nivel económico como dos dereitos democráticos e sociais. Nos últimos anos vemos como este indicador goza dunha saúde totalmente cuestionábel, con recortes acumulados e unha clara estratexia, por parte do goberno da Xunta de Galiza, de incentivar o ensino privado pola vía do desmantelamento e empobrecemento do ensino público galego.

Coa chegada da COVID-19 foi preciso facer un alto no camiño desta folla de ruta e destinar máis recursos ao ensino público, dun xeito totalmente insuficiente e obrigado por unha cuestión de saúde pública. Un ano despois asistimos a un novo ataque cara a calidade do ensino público galego, con redución de persoas e de aulas en todo o país e en todos os niveis.

No caso concreto do E.E.I Nosa Señora do Carme, no Concello de Marín, asistimos a un caso paradigmático do que está a acontecer co noso ensino público. Onde no curso 2020-2021 existían 3 liñas e 5 profesionais especialistas a tempo completo, que garantían unha boa atención ao alumnado de infantil, á vez que se atendían necesidades específicas que deben ser atendidas, como é o caso das nenos e nenos que precisan de

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 12:37:53
Nº Rexistro: 21650
Data envio: 14/09/2021 12:37:53.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesionais de audición e linguaxe ou de outro alumnado con necesidades especiais que precisan unha atención máis individualizada e especializada.

Estabamos, pois, ante un centro de ensino infantil que tiña cuberto os mínimos esixibles para un ensino público de calidade. Un centro que podería reter o seu alumnado e mesmo incrementalo debido á confianza que transmitía a situación do centro naquela altura.

Un curso despois, no actual 2021-2022, o centro atópase cunha aula menos e con 3 profesionais especialistas menos a tempo completo, deixando unha liña de 3-4 anos con 19 nenos e nenas, na que se inclúen 3 con necesidades especiais, e un liña de 5-6 anos con 11 nenos e nenas. Actualmente só existen 2 profesionais especialistas a tempo completo, e as 3 restantes que tiñan o curso pasado, foron substituídas cunha profesional en Pedagoxía Terapéutica a 10 horas á semana e outra profesional nun réxime de traballo de 2 horas á semana neste centro.

Fóra do evidente recorte e empeoramento da calidade deste servizo público, estamos ante unha situación que pode traer consecuencias negativas, xa que existe a posibilidade de que o alumando fique sen atención por mor dalgunha problemática concreta que algunha das dúas únicas profesionais a tempo completo, poidan sufrir ou teñan que xestionar.

Existen moitos xeitos de desmantelar os servizos públicos, neste caso o ensino infantil, que non sexan o peche directo dos centros. O empobrecemento dos recursos e a baixada de calidade dos centros fai que cada vez menos alumnado fique matriculado nestes centros, debido á perda de confianza dos pais e das nais ante unha situación de vulnerabilidade. Este é un claro exemplo de favoritismo do ensino privado vía empeoramento do ensino público.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 12:37:53
Nº Rexistro: 21650
Data envio: 14/09/2021 12:37:53.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ante os recortes e o empeoramento na calidade educativa e da seguridade do alumnado do E.E.I Nosa Señora do Carme, no Concello de Marín, que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para reverter esta situación e garantir a calidade deste servizo público?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/09/2021 12:36:19

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/09/2021 12:36:22

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:33:59
Nº Rexistro: 21685
Data envio: 14/09/2021 16:33:59.733

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para a actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos de Galicia, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e /ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos de Galicia esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención debida de Portos de Galicia, nin do investimento necesario, polo que terminan por se deteriorar e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

O Parlamento de Galicia debateu, por proposta do Grupo Parlamentario Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:33:59
Nº Rexistro: 21685
Data envio: 14/09/2021 16:33:59.733

autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Parlamentario Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara galega, a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e saíu aprobada a iniciativa por unanimidade. Portos de Galicia debe posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal.

Os sendeiros azuis son itinerarios que enlazan, atravesan ou parten de praias, portos ou centros de interpretación que foron galardoados coa Bandeira Azul en 2021. A vontade da iniciativa é a de fomentar a conexión da rede de lugares con Bandeira Azul mediante sendeiros que axuden a poñer en valor espazos naturais e de interese cultural e patrimonial próximos a praias ou portos deportivos que conten coa Bandeira Azul.

Burela conta cun sendeiro azul, a "Ruta do litoral burelés". O trazado da senda achégase ata o " Mirador da Limosa" pero debe regresar sobre os seus pasos por non contar con continuidade no trazado.

O Mirador da Limosa é un espazo singular, tanto polas atractivas vistas ao porto de Burela e ao Mar Cantábrico, sendo doado desde o mesmo identificar e explicar a dinámica de traballo e funcionamento dun porto destas características, como pola importancia arqueolóxica e xeolóxica do seu enclave. Nel atopáronse restos do Hipocausto Romano do Campón, en setembro de 2004, e os técnicos de Patrimonio concluían que os restos atopados configuraban os vestixios dunha terma romana.

A zona xeolóxica de Castrelo -O Perdouro- é un dos espazos máis interesantes, xeoloxicamente falando, da península Ibérica e está actualmente catalogado como LIC (lugar de interese comunitario). No enclave obxecto desta exposición, onde se situaba a antiga praia de Castrelos, atópanse pregos de escala métrica, que forman a rasa Cantábrica.

Dado os múltiples intereses que conflúen na zona é necesario mellorar a súa contorna para facela máis accesible, atractiva e didáctica para o conxunto da poboación, así como aquelas persoas que visitan a vila.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:33:59
Nº Rexistro: 21685
Data envio: 14/09/2021 16:33:59.733

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Cales son os motivos polos que Portos de Galicia se nega a reverter a titularidade do enclave coñecido como o Mirador da Limosa de Burela, a dominio municipal?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 16:16:52

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2021 16:17:06

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:58:56
Nº Rexistro: 21691
Data envio: 14/09/2021 16:58:56.280

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do venres 10 de setembro de 2021 o Instituto de Estudos do Territorio publicou a Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, destinadas a concellos galegos que teñan menos de 20.000 habitantes co obxectivo de colaborar e corresponsabilizar aos concellos galegos en relación coa mellora da contorna paisaxística, a través de intervencións dirixidas a corrixir alteracións ou impactos relacionados con certos equipamentos de titularidade municipal que supoñen unha deterioración do carácter ou da calidade da paisaxe.

A concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun crédito financeiro de 800.000 € e un prazo de presentación dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución, é dicir o sábado 11 e esgotándose o crédito consignado para unha das liñas de subvención ese mesmo día, horas despois de abrir o prazo, cando os concellos teñen que achegar a seguinte documentación:

"*a) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante do concello solicitante, incluída no anexo I desta resolución, na cal se fai constar:*

1) *O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.*

2) *Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de*

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:58:56
Nº Rexistro: 21691
Data envio: 14/09/2021 16:58:56.280

subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

3) *Que todos os datos contidos na solicitude, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da subvención, de ser o caso, e nos documentos que se achegan son certos.*

4) *Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

5) *Que cumprirá a normativa estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, cando proceda.*

6) *Que se compromete a cumprir as obrigas e os requisitos que se sinalan nas bases reguladoras.*

7) *Que as actuacións para as cales se solicita a subvención teñen a consideración de gastos subvencionables e non estaban iniciadas con anterioridade á publicación da convocatoria destas axudas.*

8) *Que no caso de que sexa preceptivo, se compromete, de non contar con elas, a solicitar as autorizacións ou licenzas urbanísticas ou sectoriais tanto municipais como doutros organismos ou administracións públicas que resulten preceptivas para a execución da actuación prevista.*

9) *Que os materiais e acabados propostos son conformes coas indicacións que se recollen nas guías a que se fai referencia no punto 2º.*

b) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

1) *O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta resolución e se*

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:58:56
Nº Rexistro: 21691
Data envio: 14/09/2021 16:58:56.280

aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.d) desta resolución.

No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

2) *A remisión das contas do concello ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario de 2020, á cal fai referencia o punto 3.1.b) desta resolución.*

No certificado quedará acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de remisión ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar a data de remisión.

3) *A plena dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que o concello, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa ten a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto 3.2.c) desta resolución.*

4) *Dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) do orzamento liquidado da entidade do ano 2020, para o cálculo do esforzo fiscal do concello.*

c) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para os cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local.

d) Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras deberá achegarse un documento co nivel de proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:

1) *Memoria explicativa*

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:58:56
Nº Rexistro: 21691
Data envio: 14/09/2021 16:58:56.280

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

2) *Orzamento das partidas, con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global (partidas alzadas ou similares).*

3) *Referencia catastral e/ou planos de situación/coordenadas que permitan xeolocalizar con exactitude os edificios e equipamentos obxecto das axudas.*

4) *Planos a escala e detalle suficientes para describir as actuacións.*

5) *Reportaxe fotográfica do ben e da súa contorna onde se aprecia o estado actual que presenta."*

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta subvención?

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/09/2021 16:18:19

Pablo Arangüena Fernández na data 14/09/2021 16:53:13

Paloma Castro Rey na data 14/09/2021 16:53:29

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21702
Data envio: 14/09/2021 18:57:02.824

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na noite do xoves 9 de setembro de 2021 Augas de Galicia é coñecedora a través do plan de control de verteduras de auga de que unha explotación gandeira do concello coruñés de Trazo está vertendo miles de litros de xurro ao río Porta Ferreiros, afluente do río Tambre, obrigando a paralizar a planta elevadora do Tambre ao detectarse que a vertedura se aproximaba á zona de captación, prexudicando o abastecemento de auga dos concellos de Santiago, Ames e Brión.

O venres pola mañá Augas de Galicia comunica o incidente ambiental ás concesionarias do servizo de augas dos tres concellos, un aviso que, segundo a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, ten só "carácter preventivo".

Finalmente, a situación complícase e o sábado pola tarde os tres concellos son alertados ás 18:03 horas do sábado a través do 112 de que, de maneira urxente van ter que realizar cortes de subministro e pór en marcha varias accións para evitar un problema de saúde pública.

O Goberno galego asegura que "dende o comezo" tomou medidas para conter a expansión do xurro a través de zanxas para que estas filtrasen no terreo e non rematasen no río, medidas das que os concellos nada souberon ata o sábado.

Diante desta falta de información oficial por parte da Xunta de Galicia aos concellos, que os obrigou a tomar medidas urxentes case dous días despois da vertedura, preguntamos:

Entende a Xunta de Galicia que na vertedura de xurro dunha explotación gandeira de Trazo ao río Tambre se actuou con dilixencia, transparencia e en coordinación cos concellos afectados dende o primeiro momento?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21702
Data envio: 14/09/2021 18:57:02.824

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/09/2021 18:51:07

Pablo Arangüena Fernández na data 14/09/2021 18:51:20

Paloma Castro Rey na data 14/09/2021 18:51:35

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 10:46:51
Nº Rexistro: 21720
Data envio: 15/09/2021 10:46:51.417

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas de conservación e mantemento a adoptar no edificio modernista "A Terraza" de Sada (A Coruña), declarado Ben de Interese Cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio "A Terraza" de Sada está considerado unha das obras máis destacadas do modernismo galego.

É unha construción de madeira do ano 1912, realizada orixinariamente na cidade da Coruña para ser utilizada como quiosco de bebidas nos céntricos xardíns de Méndez Núñez.

Constitúe unha peza moi representativa da "Art Nouveau" que se compón de dous andares, posteriormente substituída por edificios de formigón coñecidos hoxe co nome de Kiosco Alfonso. Polas súas características arquitectónicas e o seu alto valor histórico e patrimonial este edificio tan senlleiro foi declarado BIC por Decreto 16/2020 do 30 de xaneiro (DOG 124/02/2020).

Entre 1919 e 1920 este edificio, adquirido por un sadense, foi trasladado á praia urbana de Sada, onde aínda se mantén na actualidade, ubicándose nuns terreos de dominio público marítimo terrestre cedidos en concesión administrativa por Real Orde de

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 10:46:51
Nº Rexistro: 21720
Data envio: 15/09/2021 10:46:51.417

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

20 de xullo de 1922 para ser destinado á "venta de refrescos y licores en la Playa de Sada".

O edificio "A Terraza" sitúase hoxe en pleno paseo marítimo logo de que nos anos 80 se realizase un importante recheo que o alonxou da liña de praia. Como consecuencia dese recheo realizouse un novo deslinde, de modo que o actual trazado da costa quedado rexistrado na Orden Ministerial de deslinde de 7 de febreiro de 2017.

O 25 de maio de 2017 os herdeiros do concesionario orixinario solicitaron prórroga da concesión administrativa que foi denegada o 11 de febreiro de 2021 pola Dirección General de la Costa y el Mar. Na resolución arguméntase que existe un prazo máximo de duración das concesións, incluídas as prórrogas, que non pode superarse, de 75 anos, polo que a concesión do edificio d´A Terraza xa tería superado o prazo máximo permitido que impide unha nova prórroga.

Con todo, desde a Dirección General proponse que, dado o alto valor das instalacións declaradas como Ben de Interese Cultural, se manteñan as instalacións.

Unha vez revertida a concesión, tanto a construción como os terreos sobre os que se asenta, son propiedade do Estado, polo que entraría dentro das súas obrigas a restauración e mantemento do BIC en condicións adecuadas á súa catalogación .

Asemade, o Estado debería valorar a posibilidade de negociar co Concello de Sada a súa posterior cesión, así como un convenio que asegure usos públicos compatíbeis coa súa conservación, usos que están definidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal e que o cualifican como equipamento público sociocultural dentro do Sistema Xeral de Equipamentos (SXEsc.06-09).

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 10:46:51
Nº Rexistro: 21720
Data envio: 15/09/2021 10:46:51.417

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a adoptar o goberno galego para garantir o adecuado mantemento e conservación do edificio situado en Sada (A Coruña) coñecido como "A Terraza", declarado BIC pola Xunta, conforme a Lei de patrimonio cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/09/2021 10:37:28

Mercedes Queixas Zas na data 15/09/2021 10:37:32

Daniel Castro García na data 15/09/2021 10:37:43

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:22:19
Nº Rexistro: 21741
Data envio: 15/09/2021 12:22:19.021

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O informe do Eixo Atlántico de 2016, sobre o Porto Seco de Monforte de Lemos, reflicte que: "O Porto Seco de Monforte é un proxecto que leva demasiados anos estancado, especialmente se consideramos a importancia que ten, dende o punto de vista estratéxico e económico, non só para o eixe interior de Galicia, o menos desenvolvido, senón para a fachada marítima, en termos portuarios, e *por ende*, para o conxunto dunha euro rexión na que viven 7 millóns de cidadáns, e na que intentan traballar sen ter que emigrar novamente, a maior parte deles".

Estancado no tempos atópase este proxecto de plataforma loxística que xa foi anunciada polo señor Fraga no ano 2011 e inaugurada polo señor Feijóo no ano 2014, e máis de 7 anos despois desta inauguración non existe alí instalada ningunha empresa.

Polo tanto, é urxente que canto antes se lle poña remedio a estas carencias que leva arrastrando o Porto Seco de Monforte dende a súa inauguración e é o momento de que unha vez por todas a Xunta de Galicia cumpra os seus compromisos con Monforte de Lemos.

O Porto Seco de Monforte é competencia da Xunta de Galicia pero teno totalmente abandonado e non atende á necesidade de dotar a este centro loxístico intermodal duns accesos que lle permitan ser operativos mediante o viario de conexión coa N-120. A estas alturas segue pendente a execución do tramo de menos de 1 km de largo que contemplaría os accesos do Porto Seco coa N-120. Ata o de agora o seu único acceso viario vai dar ao viario que une Monforte coa Pobra de Brollón, unha vía de comunicación estreita e sen beiravía, pouco axeitada para o tipo de tráfico que debe de xerar este parque empresarial.

E que nin sequera foi capaz o Goberno galego de construír o peirao de carga e descarga, dispositivo fundamental este para que o parque industrial se poida considerar intermodal, xa que sen un sistema así non sería posible o trasvase de mercadorías operativo entre a terminal ferroviaria e nas parcelas acondicionas ao seu lado.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:22:19
Nº Rexistro: 21741
Data envio: 15/09/2021 12:22:19.021

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cando ten pensado o Goberno galego rematar a conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coa N-120?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 15/09/2021 12:19:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2021 12:19:30

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:30:51
Nº Rexistro: 21747
Data envio: 15/09/2021 12:30:51.006

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O curso académico 2021-2022 comezou de igual xeito que o pasado no que as medidas sanitarias e de protección fronte á covid-19 se refire: distancias, uso de máscaras e hidroxel, grupos estables de convivencia …

Isto obriga a unha organización tamén similar do curso escolar por parte das direccións dos centros educativos en canto á organización de espazos e sobre todo de profesorado. Por esta razón, non se entende que nun ano como o actual, cunha achega extraordinaria de fondos que o Goberno galego debería dedicar a educación, moitos centros educativos en Galicia se atopen con problemas de falla de profesorado.

É o caso da situación que sofren os CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas de Santiago de Compostela, que este curso teñen que compartir profesorado de maneira que o centro As Fontiñas conta con 12 titores para 13 aulas e en Monte dos Postes faltan por completar 3 dedicacións.

A falla de profesorado, da que son coñecedores todos os organismos implicados da Consellaría de Educación, provoca problemas lóxicos de índole pedagóxica, dándose circunstancias tan sorprendentes e impensables como, por exemplo, que unha aula de segundo curso de Primaria do CEIP Monte dos Postes contará este curso con 8 docentes. Nese curso a Administración educativa aprobara en xuño un desdobre pero que non resolveu correctamente co prexuízo lóxico para o centro.

Hai que salientar que o alumnado matriculado nos dous centros con respecto ao ano pasado non diminuíu, e polo tanto, a dotación persoal debería manterse ou mellorarse. Neste senso, a itinerancia do profesorado entre estes dous centros afecta tamén ás prazas de PT e AL, coa afectación que isto ten sobre o alumnado con necesidades educativas especiais. No caso concreto do CEIP das Fontiñas cada alumna/o que se matriculou de forma extraordinaria ten NEAE (necesidades específicas de apoio educativo).

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:30:51
Nº Rexistro: 21747
Data envio: 15/09/2021 12:30:51.006

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Se o que se persigue é a calidade do ensino a dotación humana nos centros educativos é fundamental e por iso, diante desta situación facilmente solucionable a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o goberno galego a situación que sofren os CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas, en Santiago de Compostela, que teñen que compartir profesorado deixando clases sen titorías a tempo completo?

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/09/2021 12:14:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2021 12:14:23

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:32:54
Nº Rexistro: 21750
Data envío: 15/09/2021 12:32:54.257

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e **Daniel Vega Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O novo Plan Forestal de Galicia (PFG) 2021-2040 aséntase nos compromisos de transición verde, biodiversidade, neutralidade climática e consumo responsable. Neste sentido, trátase dunha política planificada, comprometida e consensuada, que da cumprimento a case o 75% das recomendacións do ditame da Comisión de Estudo sobre a política forestal, atendendo 92 recomendacións parlamentarias dun total de 123, que tiveron o apoio das tres cuartas partes do hemiciclo. A maiores, recolle máis de 100 directrices do Grupo de Traballo creado en 2015 ao afecto dentro do Consello Forestal de Galicia.

Ao respecto, o obxecto é acadar o desenvolvemento sustentable do medio rural para xerar emprego e economía verde baixa en carbono, a partir dun dos sectores máis potentes da economía agraria de Galicia, como é o sector forestal. Nesta liña, un dos requisitos deste Plan, que persegue, precisamente, os compromisos que nel se engloban, é a certificación da superficie. A certificación forestal garante a xestión forestal ambientalmente apropiada, socialmente beneficiosa e economicamente viable.

En primeiro lugar, garante un aproveitamento da madeira e doutros produtos non madeireiros que contribúe ao mantemento da biodiversidade, da produtividade e dos procesos ecolóxicos do monte. En segundo lugar, xera valor engadido e reverte un beneficio directo sobre as poboacións locais e nomeadamente sobre a sociedade no seu conxunto, proporcionando incentivos para que as comunidades xestionen os recursos locais e se involucren nos plans de xestión a longo prazo. E, en terceiro lugar, implica que estes plans de xestión forestal sexan o suficientemente rendibles.

En Galicia, a superficie forestal supera os 2 millóns de hectáreas, representando o 69% do territorio galego e producindo arredor do 50% da madeira do Estado, con máis de 2.000 empresas vinculadas ao sector. En consideración dos datos e da importancia do noso sector forestal, desde o Grupo dos Populares cremos que é fundamental avogar por modelos de certificación da superficie forestal que permitan asegurar unha xestión respectuosa dos nosos montes.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:32:54
Nº Rexistro: 21750
Data envio: 15/09/2021 12:32:54.257

grupo parlamentario popular de galicia

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o 24 de novembro do ano pasado unha proposición non de lei onde o grupo socialista insta a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2021, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permita duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media española.

O noso grupo ante as cifras do último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, queremos saber cal é o grado de desenvolvemento desta proposición non de lei que presentamos no ano 2020.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2021, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permita duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media española, tal e como se aprobou por unanimidade 24 de novembro de 2020?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/09/2021 10:08:39

Martín Seco García na data 16/09/2021 10:08:47

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:17:19
Nº Rexistro: 21831
Data envio: 16/09/2021 10:17:19.004

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e **Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a seguridade no porto de Malpica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións da dársena do porto de Malpica de Bergantiños foron certamente complicadas dende a súa construción xa aló polo ano 1955. Condicións que non melloraron coa instalación das comportas no 1969. E as reformas posteriores tampouco solucionaron os problemas de seguridade do acceso á dársena.

A día de hoxe os problemas de seguridade céntranse na comporta de acceso. Cando está aberta a enerxía da ondada refléxase nos muros verticais, o que provoca correntes e remuíños no interior da dársena. A este problema hai que sumarlle a velocidade da auga dentro do canal , o que dificulta enormemente a calquera embarcación que transite por el, realizar calquera tipo de manobra, e complica moito as operacións de entrada e saída da dársena. Especialmente en condicións de mar adversa.

Na actual situación, a entrada ou saída de embarcacións da dársena supón un perigo constante para a integridade, non só das embarcacións (son constantes os percances e danos materiais naquelas), senón o que é moito peor, para a integridade física dos mariñeiros.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:17:19
Nº Rexistro: 21831
Data envio: 16/09/2021 10:17:19.004

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a situación da dársena de Malpica tivo moito que ver no accidente mortal do Silvosa. En decembro do 2018 esta embarcación de artes menores, con base en Malpica, afundiuse cando se dispoñía a cruzar a zona das comportas, provocando a morte do seu patrón.

A partir dese momento, dende a Consellería do Mar anunciouse a adopción de medidas tendentes a paliar o risco que supón a dársena, sobre todo en condicións adversas.

Entre esas medidas anunciáronse estudios específicos sobre as ondadas no interior do porto, para mellorar a operatividade do mesmo, e a primeiros do ano 2021, a instalación dun sistema de alerta temperá, para, en principio, pronosticar con 72 horas de antelación a produción de fenómenos de resonancia no interior do porto.

En febreiro de 2021, dende a presidencia de Portos de Galiza, informouse que o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica se atopaba na súa fase final de licitación.

A día de hoxe, sete meses despois dese anuncio, e case dous anos do tráxico accidente do Silvosa, descoñecemos en que fase se atopa ese proxecto.

Un proxecto de mellora da dársena que é vital para garantir que as embarcacións e mariñeiros de Malpica podan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade.

Polo que non admite máis demoras, e precisa de que nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2022 se recolla unha partida con dotación económica suficiente para asegurar que a execución desta obra tan necesaria se vai iniciar no próximo ano.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:17:19
Nº Rexistro: 21831
Data envio: 16/09/2021 10:17:19.004

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que fase se atopa e cal é a previsión temporal para a execución do proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica de Bergantiños?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 16/09/2021 10:15:56

Rosana Pérez Fernández na data 16/09/2021 10:16:00

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:54:19
Nº Rexistro: 21851
Data envio: 16/09/2021 10:54:19.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e **Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os recortes nos ciclos medios de FP en centros rurais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas datas varios centros de ensino do rural están a denunciar que non poden matricular alumnado en setembro en varios ciclos medios de Formación profesional.

Estamos ante un cambio de criterio da Consellaría de educación a respecto do ano pasado. Este cambio de criterio parte de que o goberno galego cualificou este ano algúns destes ciclos como de "baixa demanda" . Baseándose nesta clasificación, a consellaría decidiu pechar a matrícula destes ciclos medios en xullo e, se ben permitiulle ao alumnado realizar o proceso de admisión, impediu despois aos centros executar esas matrículas en setembro, unha vez que este alumnado titulara.

Máis a realidade que se constata ano tras ano é que precisamente estes ciclos medios cóbrense maioritariamente con alumnado que titula en setembro. As consecuencias para este alumnado, que adoita ser menor de idade, con este novo bandazo da consellaría son importantes tanto para a súa socialización como para a economía destas familias.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:54:19
Nº Rexistro: 21851
Data envio: 16/09/2021 10:54:19.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este alumnado, sobre todo do rural, non ten máis remedio que irse dos seus centros de referencia, en ocasións a moita distancia das súas residencias, co que iso implica tanto para a dinámica social e educativa dunha alumna/o desa idade como no referido aos custes económicos motivados por este cambio de criterio da Consellaría.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego garantir a matrícula en setembro naqueles ciclos medios de formación profesional que a administración cualificou de baixa demanda e aos que non permite matricular alumnado en setembro?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**
Mercedes Queixas Zas
Daniel Castro García
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2021 10:50:14

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:54:19
Nº Rexistro: 21851
Data envio: 16/09/2021 10:54:19.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2021 10:50:18

Daniel Castro García na data 16/09/2021 10:50:30

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:37
Nº Rexistro: 21858
Data envio: 16/09/2021 11:19:37.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Convenio STCW (Standards of Training Certification and Whachtkeeping for Seafarers), ou Convenio internacional sobre as normas de formación, titulación e garda para a xente do mar foi aprobado pola Organización Marítima Internacional (OMI) para dotar aos traballadores do mar dunha competencia e profesionalidade que garanta a seguridade na navegación. A súa aprobación inicial tivo lugar en 1978 e foi posteriormente emendado en 1995 e en 2010, reforma na que se establecen os distintos títulos e certificados existentes, así como as normas de expedición, revalidación, validez e atribución dos títulos e certificados. Esta última, feita en Manila, entrou en vigor no 2012 cun período de implantación ata o 2017, pasando a esixirse dende ese momento de forma obrigatoria a actualización de determinados certificados, como os de suficiencia ou os de formación sanitaria e primeiros auxilios.

Esta formación impártese nos centros do Instituto Social da Marina, que debería, en previsión desa obrigatoriedade de renovación ter aumentado o número de prazas e de cursos, para dar solución á demanda e facilitar as renovacións. Pero non foi así, no 2020 caducaban os certificados expedidos no 2015, á reducida oferta superpúxose a pandemia, que paralizou por completo a impartición de cursos. Así, o ISM veuse na

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:37
Nº Rexistro: 21858
Data envio: 16/09/2021 11:19:37.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidade de prorrogar en abril do ano pasado a validez deses certificados "por un período máximo de seis meses a contar dende a data de caducidade dos mesmos". En setembro corrixiu e ampliouno ata decembro de 2020.

Mais no 2021 a situación non mellorou, o número de prazas e cursos seguen sen ser suficientes para dar resposta ás necesidades actuais de renovación de certificados. Existe un gran número de persoas pendentes de realizar esa formación, sobre todo a sanitaria, e o ISM en vez de aumentar a súa oferta, desconvocou cursos alegando que non atopa profesionais para impartilos. Así, no que vai de 2021 suspendéronse cando menos seis cursos.

Os certificados en vigor son imprescindíbeis a día de hoxe para poder traballar a bordo, no entanto non é posíbel realizar os cursos no ISM, e malia iso négase a opción dunha nova prórroga, limitándose a suxerir que a formación pode realizarse tamén en centros privados homologados, onde os prezos dos cursos son moito máis elevados que nos públicos. Non é tolerábel que a administración non sexa capaz de solucionar o problema e esixa aos traballadores que realicen os cursos nos centros privados se queren seguir traballando.

No caso dos cursos para renovar ou revalidar os certificados de formación básica ou de suficiencia, imprescindíbeis para navegar, eximiuse dese requisito aos tripulantes de pesqueiros menores de 24 metros, ademais de estender un ano a vixencia do resto. Pero seguen a ter dificultades para facer os cursos porque a oferta do ISM é case nula, convócanse moi poucas prazas e algúns rematan sendo cancelados sen poder realizarse a formación. Todo isto supón un trastorno enorme, os mariñeiros deben quedar en terra para poder realizar o curso e finalmente non poden realizalo porque se suspende, mais non se lle indemniza nin se lle dá solución para a súa formación ou a prórroga do certificado actual.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:37
Nº Rexistro: 21858
Data envio: 16/09/2021 11:19:37.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á deficiente oferta súmase o deterioro e ineficacia na xestión dos cursos do ISM que foi posto de manifesto polo Tribunas de Contas no seu informe de fiscalización operativa sobre a formación no ISM. O organismo destacou que após a externalización dos cursos, este sufriran un claro encarecemento ao mesmo tempo que unha redución da súa calidade. Así, dende 2012, o sistema de formación do ISM pasou da contratación directa a realizar encomendas de xestión primeiro e despois de forma exclusiva a encargar a súa xestión a Tragsatec. Dende o 2019 mantívose un acordo cunha empresa privada exclusivamente.

Nese mesmo informe, o Tribunal considera que coa externalización a formación supuxo gastar o dobre de recursos e, mentres, a maior parte das persoas interesadas non puideron realizar o curso que lles cómpre. De feito, constátase un descenso de cursos impartidos, un aumento de cursos cancelados e unha caída de alumnado que rematou os cursos. O Tribunal asegura que só se atendeu o 18% das solicitudes para acceder a cursos de formación profesional marítimo e sanitario e que un 15% dos cursos que estaba previsto impartir foron cancelados.

En definitiva, as persoas que traballan no mar ven restrinxido o seu acceso a unha formación que se lles esixe de forma obrigatoria, pois o sistema formativo non se adapta ás súas necesidades e ás especialidades da súa profesión. Dende a administración pública e o ISM debe solucionarse esta situación de xeito urxente, aumentando a oferta e o número de prazas, facilitando a realización dos cursos e que sexa compatíbel coas xornadas e períodos de embarque e, mentres non se corrixa a situación, prorrogar a vixencia dos certificados que caduquen. Non pode descargarse a responsabilidade da falla de renovación e formación nas persoas traballadoras e esixirlles que cubran elas as deficiencias acudindo a centros privados, perdendo días de traballo e asumindo todo o custo económico e laboral que todo iso supón.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:37
Nº Rexistro: 21858
Data envio: 16/09/2021 11:19:37.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado ou vai levar a cabo para que a oferta formativa pública para a obtención dos certificados obrigatorios que se lle esixen aos traballadores do mar estea á altura da demanda existente?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carme González Iglesias
Daniel Castro García
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/09/2021 11:16:49

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2021 11:16:53

Daniel Castro García na data 16/09/2021 11:17:03

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:40:03
Nº Rexistro: 21864
Data envio: 16/09/2021 11:40:03.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e **Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cambio de criterio da Consellaría de Educación a respecto da oferta de materias no ensino rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son varios os centros, nomeadamente do rural, que están a denunciar nas últimas semanas, un cambio de criterio da Xunta que impide que se impartan materias en secundaria cando o número de alumnos/as é inferior á cinco.

Até o de agora, o criterio da consellaría de educación era que para impartir estas materias debía haber cando menos 5 alumnos no caso de centros urbanos ou rurais. Así mesmo, cando estas materias tivesen o carácter de troncais dentro do bloque de específicas esta limitación establecíase en 5 alumnxs no medio rural e de 10 alumnxs no ámbito urbano.

Porén, sendo este o criterio, a consellaría tiña como criterio que en habendo profesorado con dispoñibilidade horaria para impartir estas materias, estas puidesen darse nestes centros.

O que aconteceu este foi que a Consellaría de educación cambiou este criterio. Por iso, dende a inspección educativa levan semanas comunicando a estes centros que

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:40:03
Nº Rexistro: 21864
Data envio: 16/09/2021 11:40:03.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non se van permitir excepcións ao criterio xeral, e que polo tanto estes centros non poderán ofertar estas materias.

Con esta decisión da Consellaría de educación, tomada a última hora e sen ningún tipo de aviso, o alumnado do rural (o máis afectado, mais non o único) fica nunha evidente discriminación que implica que non poidan matricularse en materias e mesmo itinerarios que determinan o acceso a carreiras que queren cursar

Centros de vilas como San Sadurniño, Melide, Becerreá, Cangas, A Estrada; mais tamén centros urbanos das principais cidades do país, están padecer esta situación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellaría de Educación autorizar que o alumnado matriculado en centros rurais poida cursar as materias troncais con independencia do número de alumnxs matriculados e do profesorado do centro, así como materias específicas con menos de cinco alumnxs cando se trate de centros con profesorado suficiente?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:40:03
Nº Rexistro: 21864
Data envio: 16/09/2021 11:40:03.926

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2021 11:37:23

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2021 11:37:30

Daniel Castro García na data 16/09/2021 11:37:41

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:15:37
Nº Rexistro: 21867
Data envio: 16/09/2021 12:15:37.426

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presintan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense emitiu un comunicado fai uns días pola situación que os profesionais sanitarios advirten que está a suceder en Ourense.

A situación sanitaria en Galicia é preocupante pola falta de recursos e xestión por parte do Goberno galego. As consecuencias desta falta de xestión repercuten directamente nas listas de agarda que padecen os e as pacientes incluso en atención primaria, algo que pon en alerta aos propios profesionais sanitarios que viven día a día os efectos dos recortes sanitarios e a desidia do goberno galego. En dito comunicado a Comisión de centro do Complexo Hospitalario de Ourense denuncia o seguinte:

"Dende fai máis ou menos tres semanas o Servizo de Urxencias está con un aumento importante de pacientes que requiren ingreso en Medicina Interna. Debido a unha xestión nefasta por parte da dirección deste Complexo Hospitalario, isto repercute directamente na asistencia sanitaria de todos os servizos implicados.

-Precarización da Atención Primaria que implica que moitos pacientes crónicos de idade avanzada e doentes con patoloxía aguda non poidan ser atendidos e vaian a urxencias.

-Urxencias colapsadas polo aumento de pacientes que deben ingresar e eses ingresos non van para unidades de hospitalización quedando en urxencias durante horas. Volvemos á época de urxencias con doentes nos corredores.

- Servicio de Medicina Interna mal dimensionado e infradotado que leva soportando sobreaforos (de máis de 80 doentes diarios) dende fai meses.

- Unidades de Hospitalización pechadas definitivamente, 22 camas menos dende abril, e Unidades de Hospitalización de sobre aforo pechadas durante o mes de agosto.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Dende fai meses esta Comisión de centro denuncia o peche de camas de Hospitalización, o déficit de profesionais en atención primaria e en atención hospitalaria e a deficiente calidade dos coidados por déficit de medios humanos e materiais."

Ante tal situación, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que o Goberno galego, a través da Consellería de Sanidade, tome medidas inmediatas para resolver o caos que repercute directamente na calidade da atención sanitaria aos pacientes.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.ª) Recoñece a Consellería de Sanidade os problemas que denuncia o propio persoal sanitario do Complexo Hospitalario de Ourense?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/09/2021 12:12:57

Julio Torrado Quintela na data 16/09/2021 12:13:11

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:44:41
Nº Rexistro: 21871
Data envio: 16/09/2021 12:44:41.996

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia incluíu nos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021 115 millóns de euros baixo a denominación de Fondo Consenso. A distribución do dito Fondo acordouse no Pleno do Parlamento de Galicia do 15 de xullo de 2021 con modificacións do Ditame da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da covid-19. Na dita comisión, a propia Cámara a través da Comisión, os axentes sociais a través do Diálogo Social e os expertos económicos do Comité constituído pola propia Xunta para o seu asesoramento na adopción de medidas pola crise, achegaron propostas que colaborasen á recuperación dos efectos económicos e sociais da crise.

O Ditame da Comisión conclúe que: "*A Comisión considera que o Fondo de Consenso debe complementar as asignacións orzamentarias dos programas operativos REACT e dos Proxectos propostos ao abeiro do Mecanismo para la Recuperación e a Resiliencia (MRR), potenciando as actuacións reactivas fronte aos efectos da pandemia, por una banda; e por outra, potenciando e acelerando o crecemento económico baseado na innovación e nas transicións ecolóxica e dixital*". Establecendo para o cumprimentos dos ditos fins actuacións concretas reactivas fronte aos efectos da pandemia:

- Apoio aos sectores que viron reducirse os seus ingresos por causa da pandemia;

- Reforzo dos elementos que favorecen unha recuperación inclusiva, potenciando as políticas sociais.

- Actuacións dirixidas a acelerar os factores nos que se baseará o crecemento económico no futuro.

- Apoio á innovación.

- Reforzo da transición ecolóxica e dixital.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:44:41
Nº Rexistro: 21871
Data envio: 16/09/2021 12:44:41.996

Para o que a Comisión aprobou asignar os recursos do Fondo de Consenso en catro "Subfondos":

- Subfondo de Apoio Sectorial, dotado con 42,7millóns de euros, que recolle as liñas de actuación que complementan as axudas xa convocadas para apoiar aos sectores máis impactados pola crise, nomeadamente axudas á Cultura, axudas ao Turismo, axudas ao Deporte e investimentos Estratéxicos de Pemes, que permitan ter acceso a proxectos tractores e estratéxicos para o noso tecido produtivo.

- Subfondo de Recuperación Inclusiva, dotado con 31 millóns de euros, co obxectivo de reforzar unha saída cohesionada socialmente da crise e con investimentos en política social.

- Subfondo de Apoio á transición ecolóxica e dixital, dotado con 26,5 millóns de euros, dirixido a adiantar e avanzar nos investimentos previstos na estratexia *Next Generation* Galicia, reforzando e complementando as actuacións en materia de transición ecolóxica e dixital complementarias dos fondos europeos.

- Subfondo de Apoio á Innovación, dotado con 14,8 millóns de euros para reforzar a dotación en innovación a través de tres actuacións: impulsar a innovación no sector aeronáutico no Polo de Rozas, impulsar o sector biotecnolóxico e axudas para a posta en marcha de centros de investigación en Galicia.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a aplicación deste Fondo Consenso e os resultados acadados?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2021 12:42:03

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:44:41
Nº Rexistro: 21871
Data envio: 16/09/2021 12:44:41.996

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/09/2021 12:42:18

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:08:22
Nº Rexistro: 21882
Data envio: 16/09/2021 13:08:22.457

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á deturpación do topónimo A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os días 29 e 30 de setembro e o 1 de outubro vai celebrarse na Illa da Toxa no concello de O Grove un evento coa participación entre outros do presidente da Xunta de Galiza, expresidentes do Goberno español, Felipe VI e representantes do mundo da empresa ou das finanzas. Este foro ao denominarse "Foro La Toja" incumpre co seu nome a lexislación que recoñece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

Representa un exercicio de ostentación e desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto xs galegxs, que non se pode consentir, é mais unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua.

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e promoción da nosa lingua participen en eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:08:22
Nº Rexistro: 21882
Data envio: 16/09/2021 13:08:22.457

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai realizar a Xunta de Galiza para esixir o uso legal do topónimo A Toxa?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2021 13:06:29

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2021 13:06:33

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:08:22
Nº Rexistro: 21882
Data envio: 16/09/2021 13:08:22.457

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 16/09/2021 13:06:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2021 13:06:52

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:19
Nº Rexistro: 21888
Data envio: 16/09/2021 13:27:19.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Luis Bará Torres e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As denominadas tarxetas "revolving" son un tipo de tarxeta nas que a titular pode dispor dun límite de crédito determinado, normalmente non moi elevado, que terá que devolver mediante o pago dunha cantidade periódica e non limitada no tempo. Habitualmente o pago realizarase mediante cotas fixas que, na meirande parte, afrontan o pago de xuros e só nunha reducida contía ao importe do principal prestado. Os xuros deste tipo de créditos ao consumo son exorbitantes superiores aos que poden presentar outros produtos crediticios, polo que é simple colixir que constitúen créditos "perpetuos".

A comercialización destes instrumentos crediticios por grandes centros comerciais e mesmo por empresas do comercio téxtil provocou a súa enorme expansión entre consumidoras que, en grande número dos casos, carecía de información abonda sobre o produto que estaba a contratar, sen coñecemento das súas características e sobre condicións en que o facía. Xa que logo un grande número de consumidoras e usuarias adquiriu un crédito perpetúo sen a consciencia sobre os aspectos esenciais do contrato asinado, que en moitos casos se lle ofrece -sen que o demandase- tras a realización da compra semanal ou da merca de roupa nun comercio.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:19
Nº Rexistro: 21888
Data envio: 16/09/2021 13:27:19.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como aconteceu en outras casos da historia recente, foi a difusión dun pronunciamento xudicial o que provocou un incremento das reclamacións ante o Banco de España e ante os diversos órganos xurisdicionais sobre a existencia deste créditos usurarios e xeito en que se comercializaban.

Así, as tarxetas revolving no 2020 supuxeron un máis dun 8,5% de todas as reclamacións recibidas polo Banco de España, o cal viu como se incrementaron nun 50% as recibidas sobre este asunto no exercicio anterior.

De xeito análogo vemos como os xulgados de primeira instancia de partidos xudiciais como Vigo e A Coruña están recibindo un número de demandas solicitando tanto a nulidade deste contratos, como a devolución das cantidades indebidamente percibidas polas entidades financeiras prestamistas. Número de demandas e procedementos que, actualmente, están a ter unha incidencia determinante no funcionamento da administración de xustiza nestes partidos xudiciais.

En resumo existe un número moi importante de familias que están a padecer as consecuencias da contratación dun crédito usurario de cuxo contido e funcionamento nin son, nin foron conscientes no momento de contratalo, e que en moitos casos foilles ofrecido sen que o demandaran, o ben foilles concedido aproveitando unha situación de urxente necesidade. Boa parte desas familias aínda son conscientes da ilegalidade dese crédito, cuxas onerosas cotas seguen a satisfacer puntualmente, e só unha parte das persoas afectadas acude aos xulgados demandando a nulidade dos contratos e a devolución do abusivamente percibido polas entidades financeiras. Procedementos xudiciais que en moitos casos implican custes e investimentos non recuperados polos prexudicados, en todos os casos supoñen un dobre castigo para as vítimas e que están a implicar un novo prexuízo social coa ralentización no funcionamento da administración de xustiza.

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:19
Nº Rexistro: 21888
Data envio: 16/09/2021 13:27:19.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións desenvolveu o Goberno Galego para a información e asesoramento de prexudicadas pola contratación de tarxetas revolving e para que podan solicitar a nulidade, total ou parcial dos contratos e a devolución do indebidamente pagado?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Daniel Pérez López
Carme González Iglesias
Luis Bará Torres
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/09/2021 13:23:39

Daniel Pérez López na data 16/09/2021 13:23:44

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2021 13:23:53

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:19
Nº Rexistro: 21888
Data envio: 16/09/2021 13:27:19.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2021 13:24:01

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21947
Data envio: 16/09/2021 16:00:21.673

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano, segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicido consumada prodúcense 20 tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 está a agravar a situación, e deixa en evidencia que se antes da COVID os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21947
Data envio: 16/09/2021 16:00:21.673

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais, que se veñen a sumar a todos os problemas pre- Covid.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Catro anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento e avaliación da situación...

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas publicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21947
Data envio: 16/09/2021 16:00:21.673

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2021 15:57:51

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2021 15:57:55

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2021 15:58:03

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:37:50
Nº Rexistro: 21955
Data envio: 16/09/2021 17:37:50.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda semana deste mes de setembro do ano en curso no ambulatorio de Boimorto foi derivado a Melide tres días un dos dous médicos que ten asignados desde hai xa ben anos. Disque para facer substitucións.

No verán e cando hai baixas aínda que estas sexan prolongadas non hai substitución nin de médicos nin tampouco de persoal sanitario. E así estamos.

Que aconteceu para que de repente, nun so ano, a tendencia, xa manifesta, a desarticular o sistema sanitario público se agravase deste xeito?

Só hai unha explicación: entregar a sanidade pública á empresa privada e botándolle a culpa á Covid.

A asistencia primaria pública de calidade é un ben esencial irrenunciable e o seu deterioro sume a poboación na tristeza e na desesperación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPGxkUqcfXGI7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:37:50
Nº Rexistro: 21955
Data envio: 16/09/2021 17:37:50.592

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón para que non se cubran as baixas do persoal sanitario dos ambulatorios?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

